CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
TABOADA	306	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A SAN SALVADOR, CIMA DE VILA-PIÑEIRA, DE IGLESIA DE CICILLÓN A VILARIÑO, SERNANDE-CARBOEIRO, AIREXE, SANTA MARTA, SAN MARTIÑO, MILLÁN, A VILA E A FENTEIRA, INCLUIDO HONORARIOS	14.673,10 €	196.176,98 €	210.850,08 €
	307	RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EN TABOADA (ZONA CENTRO), INCLUIDO HONORARIOS	0,00 €	34.920,00 €	34.920,00 €

b).- A Alcaldía do Concello de TABOADA solicita a través de escrito con RE nº 2019RT003742, de data 23 de agosto de 2019, modificación/substitución de investimento incluído no PLAN ÚNICO, concretamente afecta ao investimento nº 306 do plan único 2019, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica "... a actuación sobre o camiño de San Salvador figura xa incluída dentro doutro proxecto para o que se ten solicitado axuda doutro organismo público ..." polo que solicita a modificación do Plan, no sentido de modificar os investimentos indicados, co orzamento que se sinala, sen modificacións na achega da Deputación. Acompaña os novos proxectos e documentación relativa ás novas actuacións solicitadas, que de ser aprobado polo Pleno ditas modificacións, quedaría incluída no Plan único 2018 da maneira que se indica:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
TABOADA	306	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A CARUDE, CIMA DE VILA-PIÑEIRA, DE IGLESIA DE CICILLÓN A VILARIÑO, SERNANDE-CARBOEIRO, AIREXE, SANTA MARTA, SAN MARTIÑO, MILLÁN, A VILA E A FENTEIRA, INCLUIDO HONORARIOS	14.673,10 €	196.176,98 €	210.850,08 €
	307	RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EN TABOADA (ZONA CENTRO), INCLUIDO HONORARIOS	0,00 €	34.920,00 €	34.920,00 €



3.- A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

4.- Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polos concellos, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é o Pleno, ao ser órgano que aprobou o Plan único 2019.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución dos investimentos relativos aos Concellos de QUIROGA, RIBAS DE SIL E TABOADA que se sinalan, e que quedan incluídos no PLAN ÚNICO 2019, así como a modificación orzamentaria relativa ao Concello de RIBAS DE SIL, tratando como remanentes o importe aforrado.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de QUIROGA, RIBAS DE SIL e TABOADA, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución dos investimentos relativos aos Concellos indicados, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, agás no investimento de RIBAS DE SIL, que o aforro, producido pola modificación, por importe de 1.630,15€ será tratado como remanente, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2019 modificado nos investimentos dos concellos indicados, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
QUIROGA	256	INFRAESTRUCTURAS URBANAS: EQUIPAMENTOS E REVESTIMENTOS RÚA SAN MARTIÑO DE ABAIXO, JOSÉ AMABLE, FRONCEMIL, CRUCE DA RÚA REAL COA RÚA CAUREL, CRUCE DA RÚA ANXEL FOLE COA RÚA REAL, PRAZA DO ALBERGUE, RUA PRAIA, ENTORNO DA PRAZA MAIOR, NÚCLEO DE QUIROGA	13.368,90 €	34.997,34 €	48.366,24 €
	258	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA REDE VIARIRA LOCAL EN CAMIÑOS E ACCESOS EN VILANUIDE, SAN MARTIÑO, FERREIRA, CENTEIS, MONTEFURADO, ALDEA, IVEDO, VILLASTHER, VILAR DE MONDELO, BENDOLLO, SOLDÓN, SEQUEIROS, PARADAPIÑOL, CEREIXIDO, VILAMIEL, O CASTELO, NOVAES, A BARCA, CASPEDRO, VILAÑAN, CARBALLO, FISTEUS, VESARREDONDA, VILLARBACÚ, CASA DO VELLO, O MAZO, OUTEIRO, PACIOS DA SERRA, A ERMIDA, ARXUBÍN, CAMPODOLA E LEIXAZÓS E OS ACCESOS A MONTAÑA DO LOR, PARTEME, POZOS, SAN PEDRO, SANTA ANDREA, AS COVAS, VILAÑAN-CASTRIMOUCO, RIBEIRA-VILAÑAN, SOBRADO-CARBALLO, ACCESO CARRASCAL E ALBAÑIL	0,00 €	48.142,49 €	48.142,49 €
RIBAS DE SIL	266	AMPLIACIÓN SANEAMENTO EN VILARDONAS	10.653,53 €	3.551,17 € *	14.204,70 €
TABOADA	306	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A CARUDE, CIMA DE VILA-PIÑEIRA, DE IGLESIA DE CICILLÓN A VILARIÑO, SERNANDE-CARBOEIRO, AIREXE, SANTA MARTA, SAN MARTIÑO, MILLÁN, A VILA E A FENTEIRA, INCLUIDO HONORARIOS	14.673,10 €	196.176,98 €	210.850,08 €

\*A diferenza producida na achega da Deputación, por importe de 1.630,15€ será tratada como remanentes.

**2º.-** Someter esta modificación do Plan único 2018 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

**3º.-** Dar traslado do presente aos Concellos solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras”.

Vista a proposta da Presidencia, en relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de QUIROGA, RIBAS DE SIL E TABOADA, solicitando modificación / substitución de investimentos incluídos no plan único 2019, así como os informes dos servizos anteriormente citados, a Comisión, por unanimidade, acordou informala favorablemente e elevala ao Pleno para súa aprobación se procede”.

Intervén o Sr. Presidente, quen se manifesta no seguinte sentido:

“Non sei se os señores Deputados se decataron, pero aquí hai un erro tanto na páxina dous coma na páxina 3 e na 4, onde se está falando do Plan Único 2019 e se inclúe polo medio o ano 2018. Iso é claramente un erro, e polo tanto substituír onde di “2018” por “2019”. E con esa corrección sometemos a votación a proposta.



Efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada, coas correccións sinaladas pola Presidencia.

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ASESORÍA XURÍDICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Vista a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vistos os antecedentes obrantes no expediente nos que consta o a proposta razoada da necesidade de modificación do Regulamento da Asesoría Xurídica de Deputación de Lugo; o borrador do proxecto de modificación do Regulamento e o informe xurídico da Secretaría xeral favorable ao mesmo.

Considerando a necesidade da súa aprobación aos efectos da súa adaptación aos cambios lexislativos existentes dende a entrada en vigor do actual regulamento.

Visto o texto proposto de actualización da norma regulamentaria organizativa do departamento da Asesoría Xurídica.

En virtude do cal teño a honra de elevar ao Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo, que obra como documento anexo, e que forma parte inescindible deste acordo, axustándose aos seguintes trámites:

a) Consulta pública previa á elaboración do proxecto de regulamento ou ordenanza a través do portal web para solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións representativas afectadas pola futura norma. É un trámite obrigatorio, coa excepción do artigo 133, 4º da Lei 39/2015, do 1

de outubro, para o suposto de normas orzamentarias ou organizativas, como concorre neste suposto.

b) Aprobación inicial polo Pleno da entidade local por maioría simple.

c) Información pública, previo anuncio na sección correspondente do "Boletín Oficial da Provincia" e no taboleiro de anuncios ou edictos electrónico da entidade do acordo de aprobación inicial, polo prazo mínimo de trinta días, consonte o disposto no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

d) Audiencia previa ás asociacións veciñais e de defensa dos consumidores e usuarios establecidos no seu ámbito territorial que estean inscritos no Rexistro correspondente de asociacións veciñais e cuxos fins garden relación directa co obxecto da disposición.

e) Resolución das reclamacións, reparos ou observacións e aprobación definitiva polo Pleno. Se non se presentou ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

E respecto á entrada en vigor, os regulamentos e as ordenanzas, non producirán efectos xurídicos en tanto non transcorresen quince días contados desde o seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, prazo no que a Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma poderán exercer as súas facultades de requirimento ás entidades locais, en orde á anulación do regulamento ou ordenanza”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados don Francisco Javier Balado Teijeiro, don José Pardo Lombao e don José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar Garcia Porto, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:





“Hoxe estamos nunha desas ocasións onde se achegan a este Pleno decisións que resultan de calado para esta administración; hoxe ven a pleno unha actualización técnica dunha norma xurídica organizativa dun departamento desta administración que da razón de ser á mesma.

A Asesoría Xurídica, como todos vostedes saben, naceu hai xa sete anos e penso que presta un recoñecido servizo, discreto, e constante a tódalas administracións municipais desta provincia, na que está incluída por suposto a propia Deputación. Sete anos nos que se conseguiu acadar unha prestación de servizo permanente, tecnificado, e alleo aos vaivéns políticos desta Institución, antepoñendo sempre o interese de cada administración consultante a calquera outra situación.

Trátase hoxe de actualizar a norma que rexe este departamento, en cuestións menores pero esenciais, actualizar a linguaxe de forma inclusiva, e sobre todo preparar esta administración para as novas esixencias xa inminentes das novas formas de gobernabilidade, neste sentido a *Compliance* público é unha esixencia para tódalas administracións, as novas políticas e formas de prevención da corrupción é unha decisión unánime do Parlamento de Galicia e unha nova forma de traballar co Consello de Contas de Galicia.

O próximo día 30 vaise manter nesta Casa a segunda reunión de traballo precisamente con esa institución autonómica; e é preciso neste campo que un departamento alleo á xestión do día a día da Administración pero coa suficiente autoridade e grao de preparación poda impulsar esas novas políticas e servir de canle co Consello de Contas nesta nova competencia que tal institución ten trala reforma da súa lei de cabeceira.

Penso que este punto resulta practicamente alleo ó debate político, estamos ante cuestións transversais que poden ser puntos de encontro entre todos nós para unha mellora das nosas institucións, non só da Deputación senón tamén do servizo que se preste a tódolos concellos da provincia.

Polo demáis esta actualización consiste basicamente en adaptar a norma á estrutura do departamento tras eses sete anos de vida, homoxeneizando así a RPT e a norma regulamentaria, rematando con distorsións que dificultaban o día a día.

Os aspectos máis característicos do departamento, as súas funcións consultivas e xurisdiccionais en tódalas ordes, non se tocan agás para facilitar que máis xente acceda á consulta da Asesoría, o que previsiblemente incrementará aínda máis o seu volumen de traballo.

En definitiva, tras esta breve e técnica explicación, simplemente me gustaría rematar como empecei, apelando a que esta reforma técnica e actualizadora sen máis, tanto por relación ao esixido dende o Parlamento de Galicia e Consello de Contas, como por relación a autoorganización dun departamento que está prestando servizo a tódolos concellos da provincia, queda de novo, como sempre foi, fóra do debate político”.

A continuación intervéñ o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Con respecto a este punto referido ó Regulamento da Asesoría Xurídica da Deputación nós somos conscientes de que este servizo, sobre todo no tocante ós concellos, é un servizo importante que se presta dende esta Deputación, é de utilidade e moitas veces descoñecido por moitos concellos e incluso tamén dende os órganos de goberno desta Deputación.

Básicamente estamos conformes coas disposicións regulamentarias relativas á organización do Servizo, e tamén sobre todo no articulado que se recolle en relación coas funcións consultivas e contenciosas; pero nós botamos en falta unha regulación de certos aspectos relativos ás costas procesuais que se conteñen no apartado dous do artigo 26, entendo que todo isto que aparece en vermello é o que se engade ó regulamento da Asesoría Xurídica da Deputación.

No apartado dous deste artigo 26 dise que efectivamente se se obtivese unha sentenza con expresa condena en costas da contraparte ingresaríanse na Tesouraría da Deputación Provincial de Lugo dado que esta é a Institución que presta o servizo de defensa en xuízo; nós isto vémolox léxítimo, é dicir que se os concellos que se benefician dun servizo que é pagado pola Deputación Provincial cando sexan beneficiarios da condena en costas entendemos que non é lóxico que ese diñeiro vaia para as arcas municipais, senón que debe ir parar á Tesouraría da Deputación como aquí ben se di, porque efectivamente é esta Institución quen paga a nómina dos letrados do Servizo de Asesoría Xurídica.



Pero aquí plantéxase unha dúbida que ás veces suscita problemas; cando nun litixio, sexa de orde civil, laboral ou contencioso-administrativo no que unha das parte é un concello e efectivamente se fai preciso nomear un perito designado xudicialmente, o propio perito reclámalle a provisión de fondos dos seus honorarios ó concello en cuestión, este concello adianta eses honorarios que ingresa na conta do perito, e cando se taxan as costas procesuais porque efectivamente hai unha condena en costas a favor do concello, aquí non se regula como se vai articular a devolución dese diñeiro a favor dos concellos, porque se evidentemente na taxación de costas entra a minuta dese perito que previamente pagou o concello e ese diñeiro vai reverter a favor da Deputación Provincial, nós vemos que aquí no artigo 26 que é onde se debera regular non se regula como se vai articular a devolución destes fondos que vai percibir a Deputación a favor do concello que os adiantou previamente.

E tamén queremos facer un pequeno fincapé no aspecto relativo á reconvencción; cando se formula unha demanda reconvenccional ou contrademanda só se regula no artigo 21 que se precisa a autorización do órgano da Deputación cando sexan litixios nos que a Deputación sexa parte, pero en cambio non se regula no artigo 37 o aspecto relativo á autorización que se precisa cando un concello litigue e queira formularse unha demanda reconvenccional por parte dos letrados da Asesoría Xurídica da Deputación que litigan en beneficio do concello.

Si vemos que se regula a disposición da acción procesual no artigo 22, tanto para a Deputación como no artigo 37 para os concellos; pero botamos en falta que esta regulación da reconvencción que se fai no artigo 21 respecto á Deputación non se faga despois con respecto ós concellos”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, en representación do Goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“Falaba na primeira intervención de que este é un documento técnico na súa totalidade, e a miña intervención baseábase niso, en dar unha somera explicación técnica ó mesmo. Como todos vostedes saberán isto vai ter un período de exposición pública, tamén o correspondente período de presentación de alegacións técnicas, e creo que ese é o momento para achegar todas estas propostas

ás que vostede está facendo referencia; dende logo non vou ser eu a que se pronuncie sobre determinadas cuestións técnicas recollidas no documento.

Iso si, reforzar a idea de que precisamente se ven actualizar para o actual marco de demanda sobre a normativa na protección e defensa das administracións públicas, e tamén nesa actualización da linguaxe”.

Intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Moi brevemente para reiterar o dito; e se fixemos esta manifestación é porque entendemos que se pode recoller, con independencia de que lóxicamente nos asiste o dereito a formular as reclamacións por escrito”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG; abstencións, 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

--00000--

#### **8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA A IMPLEMENTAR MELLORAS QUE GARANTAN A SEGURIDADE NA ESTRADA AUTONÓMICA LU-636 QUE UNE SARRIA CON BECERREÁ.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

A Deputada Provincial, D<sup>a</sup>. *M<sup>a</sup> Pilar García Porto*, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda DI:



Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a implementar melloras que garantan a seguridade na estrada autonómica LU-636 que une Sarria con Becerreá.

### *Exposición de Motivos*

Durante os últimos anos a estrada autonómica que une Sarria con Becerreá, a LU-636 tense convertido «nun perigo para os condutores polo precario estado no que se atopan algúns tramos». Esta situación agrávase nas épocas de choiva, porque o firme vólvese especialmente esvaradío ocasionando constantes saídas de vía e accidentes.

A que estaba chamada a converterse no acceso natural á A-6 de gran parte dos veciños e veciñas da Comarca de Sarria ou na vía de comunicación lóxica entre os Ancares Lucenses e o sur da provincia, atopase actualmente moi lonxe de satisfacer o seu cometido.

Un ancho de calzada insuficiente a partir do Km 16 en Lán cara, a ausencia de barreiras de protección e un estado de conservación moi pobre, especialmente no último tramo de estrada entre a parroquia de Saa e Becerreá son os seus elementos definitorios.

Todos coincidiremos, incluído o propio Feijoo que por alí transitou non fai tanto, na necesidade de desenvolver, con carácter urxente, unha actuación integral desta vía na que se contemple máis ancho de calzada, cunetas, sumidoiros, sinalización horizontal e vertical e medidas de seguridade vial que eliminen con carácter definitivo toda a problemática existente.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno o seguinte ACORDO:

- *Instar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a implementar melloras que garantan a seguridade na estrada autonómica LU-636 que une Sarria con Becerreá”.*

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Dar a benvida nesta ocasión a ASORLU nesta nova andadura. E vaia por diante que inicialmente non vou empregar os seis minutos na intervención.

Trátase dunha moción que levou o Grupo Socialista dende un punto de vista estritamente construtivo, para que se sumen tódalas forzas políticas con representación nesta Institución, e na que se reivindica unha cuestión dende o punto de vista da seguridade, unha primeira necesidade de arranxar de maneira integral aproximadamente a metade da estrada LU-636 que une os concellos de Sarria e Becerreá.

Como ben saben moitos dos que están aquí, esta estrada estaba chamada a ser o acceso natural á A-6 de moitos veciños e veciñas da comarca de Sarria, e en sentido inverso de moitos dos veciños dos Ancares lucenses unha vía de conexión co sur da provincia.

Nos últimos anos vemos que desgrazadamente esta estrada que une Sarria con Becerreá tense convertido nun auténtico perigo, sobre todo a partires do quilómetro 16 ou 17 aproximadamente, onde se chega cunha estrada dun ancho considerable e se converte nun auténtico funil; se ademáis temos en conta que esta situación se agrava no inverno debido a que o mal estado da calzada, unha calzada estreita e sen biondas de seguridade, está moi lonxe de converterse naquilo que se predicaba inicialmente.

Polo tanto todos coincidiremos, incluído o propio Sr. Feijóo que foi o que puxo a primeira pedra cando era Conselleiro de Política Territorial aló polo ano 2003, en que é necesario desenvolver con certa urxencia algunha actuación con carácter integral que mellore a seguridade



neste vial, con mellora do firme, ampliación da estrada naqueles casos que se considere necesario, cunetas, sumidoiros, saneamentos, sinalización vertical, etc..

A nosa proposta é moi clara, instar á Consellería, sen ningún tipo de acritude pero si que é a que ten a competencia de infraestruturas, a que acometa con certa premura, debido ó elevado número de accidentes que se producen tódolos anos e co obxectivo tamén de evitar algunha desgraza maior, esas melloras que garantan a seguridade nesa estrada LU-636.

Esta é unha proposta que trata de sumar tódolos esforzos das forzas políticas, lóxicamente está dirixida á Xunta de Galicia que é quen ten a clara competencia nesta estrada, e creo que é unha vía de comunicación importante que temos que defender e apoiar entre todos”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Jesús Manuel Núñez Díaz, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Simplemente facer unhas puntualizacións á descrición do estado da estrada. É certo, e coincidimos no diagnóstico que acaba de facer o Sr. Rivera; tamén é certo que practicamente o peor da estrada, se tomamos como orixe Sarria, son os oito últimos quilómetros chegando a Becerreá; é certo que os dezasete primeiros quilómetros teñen máis ancho, do dezasete ó vinte e catro aproximadamente con rego en aglomerado en quente que se fixo recentemente, é verdade que lle falta anchura pero ten a sinalización correcta tanto horizontal coma vertical.

Todo isto non exclúe que evidentemente é unha estrada e un proxecto, como ben di, moi importante para a comarca de Sarria para a comunicación coa A-6; é verdade que conta tamén con comunicación a través de Nadela en dirección á Coruña, e a través de Pedrafita en dirección a Madrid; pero todo isto non obsta para que sexa unha obra de primeira magnitude e urxencia.

A Xunta de Galicia non está esquecendo a rede autonómica, neste momento hai dúas obras moi importantes que están en marcha e que se van realizar en breve, como é o corredor dende Sarria a Pobra de San Xulián, o desdoblamento, e está tamén na última fase de exposición medioambiental a carretera que vai de Folgoso de Seoane a Courel, que son autonómicas; fixéronse outras pequenas reparacións, tamén na Fonsagrada se está actuando, por referirme un pouco á zona

xeográfica da que falamos; tamén se fixo unha reparación con aglomerado en quente na estrada de Becerreá a Quiroga. Por tanto por parte da Xunta estase traballando.

Tamén se está traballando coas empresas de conservación que están ó día, e pódolles asegurar que a estrada está perfectamente conservada, ten algúns baches illados que están sinalizados xa para rebachear, e as cunetas e beirarrúas perfectamente desbrozadas e limpas; non é o caso por desgraza da rede provincial que nestes momentos nos atopamos practicamente sen desbrozar as vías provinciais, deixamos pasar todo un verán, que é unha época con moito máis tráfico porque nos visita moita xente de fóra, co agravante de que son menos expertos na conducción en estradas de montaña, e o estado de conservación cando menos é discutible en gran parte dos quilómetros das estradas provinciais.

De todas formas, dende o Grupo Popular anunciamos o noso apoio á moción, como non pode ser doutro xeito; e solicitar tamén que a Deputación axilice tanto os desbroces coma o mantemento das estradas”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“En canto a esta moción creo que quedou claramente exposta. Eu como sarriano engadir o importante que é esa vía para a comarca de Sarria de comunicación cos Ancares, e creo que podemos estar todos de acordo en que é unha vía principal cando menos para aquela zona. Tamén congratularnos de que vaia haber unanimidade nisto porque o noso Grupo tamén vai votar a favor.

Pero que aproveiten esta moción para falar do desdoblamento do corredor, como sarriano, paréceme unha tomadura de pelo, porque o que houbo co corredor foron non sei cantas noticias, non sei dende cando leva Feijóo anunciando o desdoblamento, é só hai fume; e que nos veñan agora, cando trae o Grupo Socialista unha moción sobre unha estrada que é indubidable que hai que arranxar, e que nos saque o tema do corredor como que está feito ou como que é unha realidade, cando menos teño que dicirlle que me parece unha tomadura de pelo alo menos os da comarca de Sarria, e como sempre desvían as mocións temos que falar doutras cousas.





Reitero que estamos completamente de acordo coa importancia do arranxo desta carretera, que nos parece moi ben que a Xunta faga máis cousas porque é o seu traballo, pero esperamos que tamén se faga esta obra”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“É certo un pouco o que dicía o voceiro do Bloque Nacionalista Galego que sacar o tema dos desbroces e do corredor parece un pouco ridículo; a moción é clara. Aparte non só llo dixo xa o Presidente ó Partido Popular no anterior Pleno senón que había unha sublime crónica que se fixo ó día seguinte do pleno anterior no que utilizaba un simil futbolístico para falar de como tiñan cambiado as condicións de xogo, agora non estamos nun terreo embarrado senón que estamos nun terreo de xogo perfectamente claro no que debemos xogar e hai que cingirse ó que é a moción.

Insisto, falar do corredor, e como aquí hai varias persoas da comarca de Sarria, esa proposta do corredor dende o ano 2013 xa é facer unha autovía dende Pobra de San Xiao a Sarria, será para que o señor García, o Sr. Efrén, e eu mesmo, coincidamos e nos saudemos polo camiño, cando sabemos que os informes de Tráfico din que o maior índice de perigosidade e fluxo de tráfico é entre Nadela e Pobra de San Xiao; pero ese é outro debate que tocará outro día, xa que vostedes puideron presentar e falar destas mocións.

Pero volvendo ó tema, falaba o Sr. Feijóo cando tomaba posesión de que ía ser a lexislatura do rural, e que máis rural hai cá comarca de Sarria e dos Ancares?, hai outras máis pero neste caso hai que fomentar a creación de vías de comunicación que estean en bo estado, que garantan a seguridade, e que non sexan un perigo para a circulación, e non hai mellor maneira ca esa para garantilo, sobre todo cando estamos a falar da saída natural á A-6.

Por tanto creo que hai que traballar a prol de defender iniciativas que afonden no rural, esta é unha delas, e creo que debemos ir todos en sintonía, polo cal me alegro de que o Partido Popular tamén o estea”.

Intervén o Sr. Deputado D. Jesús Manuel Núñez Díaz, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Moi brevemente, simplemente para responder as intervencións dos dous Deputados no sentido de que eu falei do desdoblamento da carretera como un proxecto que está nas últimas fases e non falei dunha obra feita.

Con respecto ó estado das estradas creo que é perfectamente pertinente porque circulamos por todo tipo de carreteras, na zona da montaña e dos Ancares non circulamos só cara Sarria senón que circulamos fundamentalmente polas estradas provinciais, e é lóxico, natural e pertinente que un Alcalde dun concello da montaña se preocupe polo estado das súas carreteras, porque é certo que por algunha delas difícilmente se pode circular; repito que non é o caso desta, despois de dicirlle que estamos de acordo en tódolos puntos que expón na súa moción, pero falamos dunha cousa diferente, falamos de que hai que conservar tódalas estradas e para iso hai que adicar cartos e esforzo a elas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Efectivamente alégrome de que dunha vez por todas o Partido Popular, será que se están achegando as eleccións, se molle, se quite as luvas para cazar os ratos, e ó final apoie unha moción do Grupo Socialista. Benvido o que sexa construír, sexa en positivo, e sexa polo ben da provincia, aínda que desta volta a competencia recaia noutra administración como é a Xunta de Galicia”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada.

Neste momento intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Infórmolles ás señoras e señores Deputados que as mocións correspondentes ós puntos nove e doce deste Pleno versan sobre o mesmo asunto, e a dez e a once tamén, polo tanto haberá un



debate conxunto aínda que a votación sexa por separado; as dúas mocións referidas ó xabaril debateranse conxuntamente e as dúas de Alcoa tamén se debaterán conxuntamente.

Polo tanto, e comezando pola recollida no punto nove referida á moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia sobre as medidas a tomar en relación cos danos provocados polo xabaril, e a sinalada no punto doce como moción do Grupo Provincial Popular relativa á adopción de medidas para o control da poboación do xabaril, atendendo á rotación que establece o Regulamento, e dado que na anterior comezou o Sr. Rivera agora comezará intervindo dona Elena Candia”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Se me permite en primeiro lugar unha cuestión organizativa antes de iniciar o debate. A voceira do Grupo Socialista acaba de facernos entrega dunha emenda á nosa proposta; o artigo 112 do Regulamento Orgánico regula o procedemento para a presentación de emendas, pero ese texto tendo en conta ademáis, como vostede con moita claridade intenta sempre explicar, as novas regras de xogo, temos que cinguirnos á acta da Xunta de Goberno da sesión ordinaria de 9 de agosto de 2019 que establece os criterios interpretativos para non errar na interpretación deses artigos do Regulamento. Concretamente no artigo 112 explícasenos, acta que teñen tódolos membros alo menos os que estaban nesa sesión, que as emendas deben estar presentadas cun día de antelación e por escrito.

Simplemente como unha cuestión organizativa e pensando nun futuro gustaríanos saber se estas emendas están válidamente presentadas, e por conseguinte despois no sentido da votación teremos que telas en conta, ou se interpretamos mal esa acta que se nos entregou no seu momento e esta presentación de emenda adoece dun defecto de forma”.

A continuación intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“En todo caso non hai ningún problema porque ademáis eu creo que a este Regulamento hai que darlle unha volta, e as emendas se o Grupo proponente da iniciativa non as acepta dende

logo para m3n non se votan porque non lle podemos cambiar o sentido 3 iniciativa do Grupo proponente. Polo tanto se vostede non acepta a emenda non hai maior problema, e votarase a s3a iniciativa”.

O Sr. Presidente d3lle a palabra a Sra. Secretaria Xeral D<sup>a</sup>. Mar3a Esther Alvarez Mart3nez, quen interv3n no seguinte sentido:

“Eu considero que unha moc3n non ven ditaminada, 3 unha cuest3n distinta; o criterio interpretativo 3 3 artigo 112, esa foi a mi3a intenci3n, 3 mellor non me expliquei ben; e d3go a raz3 dun problema que xurdiu nunha Comisi3n Informativa recen chegada eu aqu3; pero eu considero que as moc3ns son distintas e te3en unha regulaci3n espec3fica no artigo 130 e seguintes”.

A Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Elena Cand3a L3pez pregunta se poden presentar emendas na mesma sesi3n plenaria.

Interv3n a Sra. Secretaria Xeral D<sup>a</sup>. Mar3a Esther 3lvarez Mart3nez, para dicir o seguinte:

“Os Deputados te3en dereito a presentar emendas de adici3n, supresi3n ou modificaci3n 3s ditames ou propostas de acordo. Para min iso ref3rese aos expedientes que se levan a Comisi3ns Informativas; as moc3ns non se tratan nas Comisi3ns Informativas e polo tanto eu interpreto que 3 unha regulaci3n distinta que ven recollida nos artigos 130 e seguintes; de feito asist3n a moitas sesi3ns plenarias nas que houbo emendas e 3s veces proponentes *in voce*, sempre foron aceptadas; pensei que ese tema era pac3fico, o que entend3n que non era pac3fico eran as emendas aos ditames, por iso se fixo esa aclaraci3n”.

A continuaci3n interv3n o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“En todo caso est3 claro; o que son expedientes que te3en que ir a ditame da Comisi3n Informativa seguen o procedemento sinalado no artigo 112, e cando son moc3ns que non son ditaminadas ata o momento do debate p3dese presentar emendas ben por escrito ou ben *in voce*.



Unha vez aclaradas as dúbidas imos proceder ao debate das mocións sinaladas nos epígrafes nove e doce da Orde do Día, por tanto ten a palabra o Grupo Provincial Popular”.

### **9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA SOBRE AS MEDIDAS A TOMAR EN RELACIÓN COS DANOS PROVOCADOS POLO XABARIL.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia sobre as medidas a tomar en relación cos danos provocados polo xabaril, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia sobre as medidas a tomar en relación cos danos provocados polo xabaril.

#### *Exposición de Motivos:*

Os danos do xabaril constitúen a día de hoxe un grave problema socioeconómico en Galicia. As poboacións destes animais causan graves danos na agricultura, traducíndose, aproximadamente, en 15 millóns de euros ao ano, segundo datos e Unións Agrarias. Asemade, os responsables de Tráfico e da Garda Civil informan dunha media duns 1.100 accidentes de tráfico ao ano nas estradas galegas debido á irrupción do xabaril nas mesmas.

Ademais, se nos fixamos nos ecosistemas de zonas protexidas e espazos naturais, onde o seu control está restrinxido, temos outro problema engadido, xa que predan sobre a fauna protexida. Tamén, o seu acercamento ás cidades, como temos vista xa mais dunha ocasión na cidade de Lugo, por exemplo, supoñen un perigo evidente para as persoas debido a súa natureza de animais salvaxes.

Por último, non esquezamos a posible chegada a Galicia da peste porcina africana e a ameaza directa que supón para os centos de familias que dependen no rural do sector porcino, xa que o xabaril é o principal vector de contaxio.

As fórmulas empregadas a día de hoxe pola Xunta de Galicia son insuficientes, dado que lonxe de solucionar e controlar o problema, aumenta cada ano.

Da mesma maneira, o actual marco legal da caza en Galicia deixa un simple papel de cómodo observar á Xunta de Galicia, quen delegou toda a responsabilidade e todo o traballo do control das poboacións de xabaril, así como o pago dos danos, aos TECOR e Sociedades de Caza do rural, quenes carecen dos recursos e dos medios suficientes para afrontar estas responsabilidades.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno o seguinte acordo:

A Deputación Provincial de Lugo insta á Xunta de Galicia a:

- Elaborar un censo da poboación xabaril en Galicia.
- Determinar a densidade máxima de xabarís que pode haber en cada zona, con criterios científicos e técnicos obxectivos, en función do nivel de danos causados aos cultivos, o risco de accidentes de tráfico, e o risco de propagación de enfermidades de transmisión animal á cabana gandeira.
- Determine as medidas de control da poboación de xabarís.
- Determine as medidas para o control dos danos na agricultura apoiándose na execución das mesmas nos TECOR e Sociedades de Caza.



- Pague as indemnizacións por danos causados pola acción da fauna salvaxe no patrimonio de agricultores/as e gandeiros/as tantos os profesionais, como os de a tempo parcial.
- Posta en marcha dun Fondo de Corresponsabilidade dotado cos fondos económicos necesarios para o pago de indemnizacións de danos e de medidas preventivas.

Co obxectivo de harmonizar a coexistencia das poboacións do xabaril e a conservación desta especie, cun rural vivo e con actividade agraria e gandeira, coa seguridade da circulación viaria, e co equilibrio medioambiental dos ecosistemas naturais galegos, aos que unha proliferación desordenada desta especie pon en perigo”.

### **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR RELATIVA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA O CONTROL DA POBOACIÓN DE XABARIL.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular relativa á adopción de medidas para o control da poboación do xabaril, do seguinte teor:

M<sup>a</sup>. Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular relativa á adopción de medidas para o control da poboación de xabaril, que se basea nesta

#### *Exposición de Motivos*

A excesiva poboación de xabaril nos últimos anos medrou dun xeito exponencial en Galicia, e tamén na provincia de Lugo, ata acadar uns números con difícil comparación, e supuxo importantes danos nas explotacións e os cultivos da nosa zona. Uns danos que se ben fai unha década podían ser asumibles porque eran case testemuñais, hoxe en día, nun marco de marxes económicos moi axustados para as explotacións, convertéronse nunha lacra que lastra de xeito moi importante os petos de gandeiros e agricultores.

Aínda que os gandeiros e agrícolas son os danos máis coñecidos, a casuística producida por estes animais artéllase nas seguintes liñas: accidentes de tráfico, danos en terreos agrarios, inseguridade por ataque a persoas e outros animais domésticos e risco de transmisión de enfermidades ao gando das explotacións.

A provincia de Lugo, e incluso a propia cidade, non é allea á proliferación desta especie, ata o punto de que chegaron a facer continuas incursións na zona periurbana. Tal é así que, malia que reducir as consecuencias destas aparicións é unha competencia municipal, a Xunta de Galicia, a través da consellería de Medio Ambiente, e facéndose eco da demanda cidadá, xa tomou medidas ao respecto, reducindo así as manifestacións no contorno de Lugo e con elo o risco que supoñía a presenza destes animais para viandantes e vehículos, as perdas económicas ocasionadas a agricultores e un posible contaxio da peste porcina africana.

Con todo, para afrontar esta realidade, dende o Partido Popular considérase prioritaria a adopción de medidas prioritarias transversais a todo o país e coordinadas polos ministerios de Agricultura e Transición ecolóxica, coa colaboración directa de todas as comunidades autónomas.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción relativa á adopción de medidas para o control da poboación de xabaril e propónse a aprobación dos seguintes acordos:

1º.- Solicitar dos ministerios de Agricultura e Transición ecolóxica a elaboración dun censo real oficial de xabarís por comunidades autónomas.

2º.- Solicitar do Goberno do Estado unha normativa semellante a de Francia que protexa o sector da caza e os cazadores no exercicio desta actividade.

3º.- Solicitar que os ministerios de Agricultura e o de Transición ecolóxica en colaboración coas CCAA deseñen un plan de xestión do xabaril en España.





4º.- Solicitar dos ministerios antes citados, medidas do plan de xestión do xabaril en España tales como:

- Habilitar fondos para as comunidades autónomas destinados a liñas de axuda para implementar e incrementar as medidas de bioseguridade nas explotacións de porcino.
- Creación e posta en funcionamento dunha conferencia sectorial específica a nivel nacional sobre o xabaril.
- Continuar mellorando a normativa básica de caza e garantías nas actuacións de control da poboación de xabarís.

5º.- Instar aos ministerios antes citados a que establezan un protocolo de actuacións con Portugal dada a súa proximidade a Galicia para actuar ante a praga de xabaril.

6º.- Instar á Xunta de Galicia a que siga mantendo a colaboración cos colectivos e sectores implicados.

7º.- Instar á Xunta de Galicia á seguir traballando ante a existencia dunha emerxencia cinexética e sanitaria en Galicia, e adoptando tamén medidas que incentiven o consumo e comercialización da carne de caza.

8º.- Instar á Deputación a que manteña limpos os terreos nas inmediacións das estradas da súa titularidade, co fin de evitar que sexan zonas de encame destes animais.

9º.- Instar aos Concellos para que emprendan os trámites necesarios, co fin de que os propietarios de terreos en zonas periurbanas os manteñan limpos e así evitar ser foco de encame do xabaril”.

Ante esta moción do Grupo Provincial Popular, preséntase unha emenda de substitución por parte do Grupo Provincial Socialista, que di o seguinte:

“Sustituir os puntos de acordo polos que seguen a continuación:

1.- Realizar, á máxima brevidade, un censo da poboación do xabaril e a súa distribución nas comarcas de Galicia, así como a revisión de toda a política e estratexia de acción fronte ao xabaril.

2.- Redactar e poñer en marcha de xeito inmediato un plan de Xestión do Xabaril, para estabilizar a súa poboación, e limitar os seus danos na agricultura, a gandeiría, a circulación viaria e o equilibrio medioambiental, de xeito consensuado cos sectores afectados.

3.- Poñer en marcha o Fondo de Corresponsabilidade, para pago de danos e medidas preventivas, que figura na Lei de Caza de Galicia, abrir unha liña de axudas económicas, para facer fronte aos danos que ocasiona nas explotacións e nos cultivos, así como por e optimizar na loita os recursos dos que dispón a Xunta, técnicos e oficinas comarcais, na atención e resposta rápida de quen padece os danos.

4.- Que por parte da Xunta de Galicia se estableza un plan de prevención aos TECOR, que diagnostique riscos a cultivos e determine medidas preventivas a adoptar”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Tamén eu me queixo Sr. Presidente deste tema de presentación das mocións que a mín me parece que representan un pouco de filibusterismo, eu que teño que defender a nosa iniciativa non teño nin idea de cal é a emenda que ven de presentar o Grupo Socialista. Creo que se se trata de emendas in voce que poden xurdir no turno do debate efectivamente se poden admitir, unha emenda que se presenta por escrito e que non se lle entrega ós Grupos coa antelación suficiente alo menos para poder examinala a mín paréceme que é un pouco de falta de lealdade institucional.

En calquera caso eu vou polo tanto defender a iniciativa que presentamos, e lóxicamente tratar tamén de falar da iniciativa do Grupo Socialista.



Dúas mocións sobre un mesmo tema, un tema grave e preocupante, que afecta fundamentalmente ó rural de Galicia, tamén ó urbano como en Lugo, en Oviedo, e noutros sitios, parece que os xabarís están campando polas áreas urbanas, pero fundamentalmente ó rural de Galicia. Os nosos labregos e gandeiros empezan a estar preocupados, alarmados, e mesmamente cabreados, pola falta ou escasez de solucións a un problema grave que lles está acuciando permanentemente.

E agora os Grupos Políticos da Deputación plantexan o tema dende iniciativas diferentes; eu espero que podamos chegar a unha solución de concordia porque senón eses labregos e gandeiros van entonar aquela célebre copla “entre todos la mataron y ella sola se murió”; se non somos capaces de chegar a un acordo en relación co tema do xabaryl a verdade é que o noso labor nesta Institución podería porse en tea de xuízo.

Nós presentamos unha iniciativa, o Grupo Provincial Socialista reacciona presentando outra iniciativa alternativa, hai que recoñecerlle ó Grupo Socialista a rapidez de reflexos, pero tamén vista curta, se foran cazadores habería que dicir que son vostedes de gatillo rápido pero de pouca puntería, porque en realidade vostedes presentan unha moción, permítanme dicirillo dende o respecto, rañicas, unha moción de estereotipo, reproduce en realidade o mesmo que xa ten plantexado Unións Agrarias e outras iniciativas deste tipo.

É unha moción que eu diría dentro do maniqueísmo actual en realidade unha moción dirixida a construír un relato de culpabilidade no que se sitúa á Xunta de Galicia; as dúas únicas solucións que plantexan vostedes son as solucións simples de sempre, tiro ó xabaryl e indemnización de danos, é dicir entrar na espiral da que non sairemos nunca porque unha cousa vai alimentando á outra.

A nosa moción é moito máis ampla ca de vostedes, entendemos que o do xabaryl é un problema xeral, un problema que non se pode reducir exclusivamente nin á Xunta de Galicia nin sequera a Galicia porque afecta a gran parte de Comunidades Autónomas de España. Un problema xeral que fai que nós plantexemos a moción dende a idea de crear sinerxias, coa participación de tódalas administracións do Estado, para elaborar unha estratexia común para combater este problema grave do xabaryl.

Non tratamos de excluir nin tampouco de eludir as responsabilidades que poda ter a Xunta de Galicia, que lóxicamente as está cumprindo, pero si que pedimos a implicación do Estado central, porque o xabaril naturalmente que representa danos ós labregos e gandeiros, o xabaril presenta tamén implicacións en relación cos terreos, en relación coa seguridade das persoas, coa biodiversidade, coa alteración do equilibrio ecolóxico, coa propagación de enfermidades, singularmente a peste porcina, e polo tanto a necesidade tamén de relación cos países veciños de Francia e de Portugal.

Con esas premisas non é de recibo que o Estado central, que os Ministerios de Agricultura e de Transición Ecolóxica, estean alleos á solución do problema do xabaril. Deben participar nesa solución, e nós pedimos a implicación dos mesmos en cuestións que son absolutamente de caixón: en primeiro lugar a elaboración dun censo oficial, que vostedes piden que o realice a Xunta de Galicia e que nós entendemos que debe ser realizada por suposto con participación de tódalas Comunidades Autónomas, incluída a Xunta, pero fundamentalmente tamén por parte do Estado que lóxicamente ten que aportar fondos, e é necesario facer un plan de carácter xeral con criterios idénticos para poder artellar solucións concretas.

A elaboración dun plan de xestión do xabaril; a creación dunha conferencia sectorial específica, que xa se está traballando neses temas simplemente dende o punto de vista da coordinación, e nós cremos que se debe avanzar nese tema.

Pedimos a participación de concellos e deputacións na medida que lles corresponde, singularmente manter os terreos libres. Pedimos tamén participación dos estamentos sociais como tecores de caza e tamén asociacións agrarias e gandeiras.

A súa moción e a nosa coinciden en moitos puntos, os catro primeiros son idénticos, en canto ós outros poderíamos chegar a un amaño. A mín dáme a impresión de que vostedes teñen medo a implicar ó Goberno central, hai poucos días un columnista avezado falaba das dúas almas do PSdeG, a alma autónoma, os Alcaldes que defenden aos seus representados, e aqueles que se plegan ás decisións do Goberno central; eu confío en que o Sr. Presidente sexa capaz de ter esa



autonomía e defender a provincia de Lugo e os seus intereses por enriba dos intereses do Goberno central”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Non lle caiba dúbida de que defenderemos os intereses da provincia por enriba de calquera outro, e se todos facemos o mesmo estou seguro de que iremos en boa liña.

Dicirle a dona Elena, para aclarar o tema, que tiña razón cando falaba do artigo 112, pero tamén no 132 di que as mocións poderán ser emendadas por calquera Deputado antes de que comece a súa deliberación, e no caso de que o asinante da moción acepte a emenda entenderase que substitúe ou se incorpora a aquela para os efectos de debate e votación. Polo tanto está regulado no artigo 132 que se poden presentar na propia sesión ata o inicio da deliberación da iniciativa”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Por comezar cunha puntualización, nós non reaccionamos á iniciativa do Grupo Popular, créame señor Baamonde, traballamos coas luces longas e non temos nada que ocultar nesta moción que ven da man e en apoio a Unións Agrarias, unha organización profesional agraria que está facendo un importante labor en algo que vostedes obvian na súa moción que é a defensa do noso rural e precisamente daqueles afectados máis de preto polo xabaril.

Estando recollendo sinaturas por toda Galicia cunha finalidade clara de presentar unha Proposición non de Lei ó Parlamento de Galicia precisamente para modificar a Lei de Caza no aspecto referido aos danos causados por xabarís en dous aspectos claves; en primeiro lugar nos accidentes en carretera, que a ninguén lle pasa inadvertido que isto é algo fundamental; e tamén os danos en colleitas e no agro en xeral, algo do que vostedes esquecen falar na súa moción.

E digo que vimos, e orgullosos de facelo, da man dunha organización profesional agraria porque dende logo serán os que máis de preto reciben e perciben os danos do xabaril, e cando fan esta proposta precisamente son eles os que nos trasladan a necesidade de levar este debate ó ámbito

público e facelo nas Deputacións, nos Concellos, e onde se poida. E ademáis fano porque, segundo eles mesmos manifestan, a día de hoxe a Xunta de Galicia desligase dos problemas dos accidentes provocados por estes animais, e os tecores de caza están nunha situación complicada posto que non poden facer batidas se non as autoriza o Goberno galego, pero tampouco atopan aseguradoras que se queiran facer cargo do seguro porque estamos a falar de moitos cartos.

Estas son declaracións de representantes deste sindicato que é o que a nós nos move neste caso conscientes da necesidade de actuar con este tema en Galicia, e ademáis estamos seguros de que a vostedes non lles vai custar demasiado aceptar a nosa emenda de substitución, e que creo sinceramente que poderán aceptar. Moitos de vostedes participaron en reunións promovidas por este sindicato, algún de vostedes que está sentado nesta Sala, e estou segura de que compartía moito do que se dicía neses encontros.

Creo que é doado que vostedes acepten esta emenda de substitución para modificar a súa moción, porque non dista absolutamente nin un punto nin unha coma da que foi aprobada na Deputación da Coruña por unanimidade de tódolos Grupos, e votada tamén a favor por vostedes.

Gustaríame facer un breve inciso, e é que xusto antes do punto primeiro faltaría poñer “instar á Xunta de Galicia” evidentemente, pero a partires de aí creo que os catro puntos que se propoñen son de consenso, son de acordo, xa foron votados por vostedes, tamén por nós e por outras forzas na Deputación da Coruña, e non debería haber ningún problema para que vostedes a aceptaran; se isto se produce van contar co noso voto favorable, e de non ser así xa lles anuncio que non porque o único que fan na súa moción é converter un problema que teñen moitos gandeiros e moitos veciños e veciñas desta provincia, pero tamén de toda Galicia, nunha cuestión meramente política como unha fronte de ataque ó Goberno Central, a vostedes só lles convén que o Goberno Central actúe nestes asuntos cando vostedes non gobernan alí, e nós esa tese non a compartimos, non a imos avaliar co noso voto e por iso lles facemos unha proposta para substituir os puntos de acordo, repito, por outros que xa foron aprobados por vostedes, por nós, e por outras forzas políticas na Deputación da Coruña”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:



“Estamos de acordo en que a problemática do xabaril é grave, e para falar disto non hai que obviar que é a problemática que ten o rural galego, o despoboamento no rural galego fai que este tipo de problemáticas se agudicen porque cada vez hai menos terras en traballo e fai que o xabaril teña máis espazos para reproducirse. Por tanto é un pouco a pescadiña que se morde a cola, non hai políticas para que o rural se reactive, non se promociona o rural galego máis alá das campañas mediáticas da Xunta de Galicia, e segue despoboándose, e cada vez os que quedan no rural teñen máis problemas para subsistir.

En canto á moción do Grupo Popular parece que a Xunta de Galicia pasaba por alí, porque o único que di é instar á Xunta a seguir colaborando cos damnificados, eu pódolles dar un dato en canto a que a liña de axudas da Xunta de Galicia son 600.000 euros e os danos calculados que ocasiona o xabaril anualmente en Galicia son de quince millóns; por tanto a Xunta ó mellor ten que ver se iso é axuda, é iso o que queren que siga facendo?, aportar seiscientos mil euros a un dano de quince millóns?, creo que ó mellor hai que facer algo de autocrítica; se estamos de acordo en que hai un problema, aínda que governe o seu Partido unha institución, ó mellor deberíamos esixirle un pouco máis de esforzo á Xunta.

É urxente que se elabore un estudo sobre os danos do xabaril e que non sexan os labregos os únicos que teñen que pagar estes danos, porque, como dicía, esa diferenza entre os quince millóns e os seiscientos mil van ó peto da xente do rural deste país.

Hai anos, cando gobernaba o bipartito a Xunta de Galicia púxose en marcha un plan de xestión do lobo, que hoxe debería ser revisado, pero ó mellor a liña tiña que ir por aí; ó mellor a Xunta debería encabezar un plan de xestión da problemática do xabaril que teña en conta toda a problemática actual, e que plantexe solucións técnicas pero cun estudo serio e non isto de que se é culpa de Madrid ou da Xunta, a Xunta ten as competencias así que fagan tamén un pouco de autocrítica; creo que a Xunta debe liderar esta problemática, noutras épocas e con problemáticas similares a Xunta liderouna como lles dixen, por tanto copien porque parece que a Xunta é un convidado de pedra. Por tanto a nós valeríanos a moción se fixera algo de autocrítica coa Xunta de Galicia”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Teño que rectificar señora Porto, dixeran antes que eran vostedes de reflexo rápido e agora vexo que son tardíos; realmente eu preséntolle unha moción e vostede contéstame sen argumento de ningún tipo pura e simplemente reproducindo a posición de Unións Agrarias, posición que nós respectamos pero que obviamente non fai falla que Ila defenda ninguén porque ten capacidade para facelo e así o vai facer no Parlamento. Eu esperaba que vostede fora capaz de presentar aquí argumentos en defensa da súa posición e da súa postura.

Comparto co señor Castro o problema grave de despoboación do rural que o está acosando, a presenza do xabaril é un máis dos problemas que inciden no rural. Eu preguntolle a vostede señor Castro, e tamén á señora Porto, precisamente ese problema grave non merece tamén a implicación e atención do Goberno Central, a atención de tódalas Administracións, e a implicación de todas e cadaunha das administracións públicas nun problema que nos afecta a todos?, é tanto pedir que o Estado central se faga partícipe e se faga colaborador da loita contra o xabaril?.

Estou de acordo en que a Xunta non debe eludir a súa responsabilidade, efectivamente a Xunta ten que asumir as súas competencias e nós non o estamos negando, e de feito cando é necesario levalo adiante o estamos facendo, aquí en Lugo teñen exemplos, aparecen os xabarís diante da muralla e ten que ser a Xunta a que, dun xeito ou doutro, artelle unha solución ó respecto.

Vostedes en cambio, señora Porto, non fan tanto os deberes, aquí en Lugo con respecto ós danos do xabaril en terreos urbanos é responsabilidade do concello facerse cargo deles, e estase facendo cargo a Xunta de Galicia; e axudas non prestan moitas, concretamente a asociación de animalistas quéixanse de que a Deputación lle rexeitou unha axuda de 200.000 euros que solicitaron ó respecto. Polo tanto a colaboración ten que ser de todos.

E en canto ó fondo de corresponsabilidade, das participacións, eu estou de acordo en que fan falta fondos para indemnizar os danos que causan os xabarís pero non se pode converter a política de indemnizacións na única política de combate dos xabarís, porque senón dentro de pouco o que imos é conseguir que a xente atraía ós xabarís ás súas fincas para vivir da cultura da





subvención, reclamar subvencions en lugar de combater realmente o problema. Por iso o que hai que facer en realidade é medidas que permitan combater con carácter xeral este tema.

E para rematar, Sr. Presidente, eu lévolle oído dende o primeiro momento que está aquí que quere vostede facer da Deputación unha institución digna, unha institución grande, pero resulta que en cuestións como a de Alcoa, As Pontes, ou os cartos que lle debe o Goberno Central á Xunta de Galicia, se pón de perfil e non di nada; en competencias, quere baleirar a Deputación de competencias como as de dependencia, Suplusa, e demáis. Sr. Presidente, parece que vostede quere facer a Deputación grande pero á maneira dos pozos que canta máis terra lles quitan máis grandes se fan; baleirando competencias e poñéndose de perfil lóxicamente non conseguirá facer desta Institución unha institución grande, e eu estou seguro de que vostede quere facela”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“O certo é que vostedes veñen con esta moción adicándose a espallar porque a Xunta de Galicia non ten claro o que ten que facer co xabaryl, ou máis ben o que quere facer co xabaryl, porque o que ten que facer está ben claro na lexislación e as competencias son propias da Xunta de Galicia; e adícanse a espallar con este tema e a disparar cando vostedes non están no Goberno Central, como xa lle dixemos na primeira intervención.

Coincidimos na base argumental, pero vostedes utilizan esta cuestión como punta de lanza novamente para desculpar a Feijóo incluso máis que para atacarlle ó Goberno Central, e nós non compartimos iso; vostedes esquecen protexer ós afectados, por iso nós dicimos, orgullosos por que non, que apoiamos esta iniciativa de Unións Agrarias que defende a gandeiros e agricultores, e tamén ós responsables dos tecores; vostedes esquecen compensar os danos, de orzamentar na Xunta de Galicia, e únicamente orzamentan con 600.000 euros onde as perdas acadan os quince millóns de euros, iso teno que facer a Xunta de Galicia; esquecen que é a Xunta de Galicia a que ten competencias claras para poñer enriba da mesa esas medidas ás que vostede facía alusión no último momento da súa intervención, medidas eficaces para controlar a expansión descontrolada que ten o xabaryl.

Vostedes disparan cara arriba, e esquecen que as competencias autonómicas son únicas e exclusivas de Galicia, mentres poñen como remedio o uso de gaiolas, a caza con arco, e agora ademáis chegan á Deputación de Lugo espallando non só sobre o tema do xabaril senón sobre todo o que se lle ocorreu.

E o máis importante, esquecen a coherencia e rexeitan a nosa emenda que foi punto de acordo claro na Deputación da Coruña, e no que o seu Grupo votou a favor; e vostedes esquecen a coherencia, e isto xa a nivel particular seu, porque cando en Vilalba se debatían mocións sobre o xabaril vostede manifestábase claramente cun voto en contra de exercer determinadas medidas de control sobre o espallamento da poboación do xabaril.

Feijóo non ten proxecto de país, non ten un proxecto para desenvolver o territorio, e Galicia e Lugo necesitamos menos propaganda en favor do rural, menos aliados desa propaganda que se fai dende a Xunta de Galicia, e dende logo poñer enriba da mesa máis compromiso. E nós, como lle dixen, compartimos a base argumental, o que nos trae e fundamenta para vir a este Pleno cunha moción para modificar o que está acontecendo coa poboación do xabaril, pero dende logo non compartimos os seus puntos de acordo disparando só nun sentido”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Manifestar a miña estrañeza de que o Partido Popular crea que a xente que vive no rural son unha especie de pillos, porque vostede di que se hai medidas de axuda para o xabaril van como que a falsear; pois eu creo que a xente que vive no rural cando menos merece un respecto porque seguen vivindo nunhas condicións que son moi difíciles e os que quedan ó mellor non deberíamos insinuar que só queren vivir de subvencións, porque eu non coñezo a ningún labrego ou labrega deste país que chegue á súa finca con destrozos do xabaril e que se alegre porque lle vai pagar a Xunta; creo que hai que darlle un punto máis de seriedade.

Podemos estar de acordo en que as medidas de axuda non poden ser as únicas, pero neste momento non poden ser os labregos e labregas os que a sufran, e para compensar os danos que hai neste momento as únicas medidas inmediatas son as de compensación económica por eses danos, e



creo que podemos coincidir en que ningún labrego ou labrega vai falsear os danos nos seus cultivos ou vai botar o xabaril para que lle paguen os danos; creo que deberíamos tomalo cun pouco máis de seriedade, aínda que seguramente non era iso o que quería dicir e eu espero que o aclare porque me parece grave que diga que se hai política de axudas vai haber unha especie de pillería. Repito que comparto que non poden ser as únicas medidas, hai que facer un plan estratéxico para dar solución a este problema, pero agora mesmo de aquí a un futuro cercano a única forma de compensar ó rural galego é con axudas, e iso creo que o podemos compartir tamén.

É evidente que hai que buscar máis axudas, a caza tampouco vai ser a única solución, e voulle dar datos; en Galicia cázanse uns quince mil xabaríns anuais, máis os que morren por accidente de tráfico, con todo iso, que podemos coincidir que son cifras avultadas, non solucionan o problema; entóns tamén comparto con vostede que hai que buscar máis solucións, por tanto que a Xunta elabore un plan como lle digo que fixo o goberno bipartito co problema do lobo, encabéceno vostedes e tamén imos estar a favor de que colaboren o resto de institucións, pero encabéceno porque teñen as competencias, entóns non boten balóns fóra”.

Intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Para facer algunha breve aclaración. En primeiro lugar á señora Porto, o argumento que utiliza vostede váleme a mín tamén para repetilo respecto ó Grupo Socialista, di que eu o que pretendo é atacar ó Goberno Central, pois eu non quero atacar ó Goberno Central senón que quero darlle ó Goberno Central a oportunidade de ser solidario con Galicia e de participar na solución dos problemas de Galicia. Vostede ó revés, defende ó Goberno Central, e eu preguntolle porque o defende?, defende ó Goberno Central porque realmente cre que Galicia ou calquera Comunidade sola debe facer fronte a un problema que é de carácter xeral?, ou defende ó Goberno Central pura e simplemente por submisión ós intereses dese Goberno?.

E despois pediríalle que non fagan vostedes aclaracións sobre o sentido de voto en institucións que non son esta; acaba de dicir que na Deputación da Coruña se aprobou por unanimidade a moción que presentaron, non é verdade, o Partido Popular non votou esa moción a favor.

En canto ó manifestado polo señor Castro, eu coñezo perfectamente ós labregos e gandeiros porque vivo con eles e non trato de ridiculizalos, estoulle falando de algo que é moi xenérico, estoulle falando da substitución da indemnización pola cultura da subvención”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“O Pleno da Deputación da Coruña aprobou este venres, cos votos favorables de PSOE, BNG, e PP, Alternativa dos Veciños, abstención de Marea Atlántica e Compostela Aberta, a moción instando á Xunta a articular medidas fronte ós danos ocasionados polos xabaríns.

Non teño nada máis que dicir ó respecto, e non se trata de defender nin acusar, trátase de esixir que cada administración cumpra coas competencias que lle son propias; e isto non llo está dicindo a voceira do Grupo Socialista na Deputación de Lugo, creo que isto é un clamor popular, e creo que tamén está bastante difundida a crenza entre toda a poboación de que dende logo a Xunta de Galicia non sabe que facer co xabaryl e xoga ó despiste poñendo a responsabilidade enriba de quen menos a merece”.

O Sr. Presidente anuncia que, dado que non se aceptou a emenda presentada, vaise proceder á votación das mocións tal e como foron presentadas.

En primeiro lugar procédese á votación da **moción que figura no número nove da Orde do Día**, presentada polo Grupo Provincial Socialista, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada polo Grupo Provincial Socialista.

A continuación efectúase a votación da **moción que figura no número doce da Orde do Día** presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do



Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada polo Grupo Provincial Popular.

O Sr. Presidente manifesta que a continuación se procederá ó debate conxunto das mocións numeros 10 e 11 da Orde do Día.

**10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA A SALVAGUARDAR OS POSTOS DE TRABALLO E A ACTIVIDADE INDUSTRIAL EN ALCOA – SAN CIBRAO.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG para salvaguardar os postos de traballo e a actividade industrial en Alcoa-San Cibrao, do seguinte teor:

“D. Efrén Castro Caloto, como deputado provincial do BNG na Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu tratamento no vindeiro pleno a seguinte moción para salvaguardar os postos de traballo e a actividade industrial en Alcoa-San Cibrao

Cómpre recordar que desde que en outubro do 2018, exactamente o día 17, a empresa Alcoa anunciara aos cadros de persoal de Coruña e Avilés así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa foron diversas as demandas das e dos traballadores e os debates políticos arredor de como arbitrar unha saída que supoña o mantemento dos postos de traballo e da actividade industrial, ao considerar o sector do aluminio como estratéxico. Unha preocupación e unha mobilización que se estendeu a Alcoa-San Cibrao.

Finalmente, consumouse a compra por parte do Grupo Parter o pasado 21 de xullo, dando un respiro a nove longos meses de angustia e preocupación. Porén, cómpre recordar tamén que isto non significaba tampouco a reactivación inmediata da produción nestas fábricas e que continúa a inestabilidade do sistema enerxético, que debe ser transformado. Polo tanto, estes factores fan que a preocupación continúe sobre estas fábricas, sobre San Cibrao e sobre outras industrias galegas altamente dependentes da enerxía.

Desde entón, téñense dado diferentes situacións que fan crecente a preocupación do Bloque Nacionalista Galego sobre a situación, máis concretamente, de San Cibrao. O pasado 21 de agosto o Comité de Empresa denunciaba, despois dunha reunión co novo presidente de Alcoa no Estado Español, que a empresa mantén a parada das 32 cubas, cuestión preocupante e que recorda á situación previa de Coruña e Avilés. Así mesmo, o Comité de Empresa facía públicas unha serie de esixencias á Xunta de Galiza o pasado 23 de agosto.

Para o Bloque Nacionalista Galego os indicios sinalados polo Comité e a incapacidade do goberno do Estado en funcións para impulsar calquera mudanza no marco enerxético ou industrial deben ser motivos para que a Xunta de Galiza abandone tamén a súa deixadez de funcións canto ás súas responsabilidades coa industria galega e actúe máis alá das declaracións electoralistas que estamos acostumadas a escoitar de cotío.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar á Xunta de Galiza a constituír unha mesa de negociación con Alcoa e o Comité de Empresa de San Cibrao para demandar a activación das cubas en suspenso e velar polo mantemento do emprego e da actividade industrial en tanto se mantén a actual situación de declive industrial e inestabilidade nos prezos da enerxía.

2. Demandar do Goberno do Estado medidas urxentes respecto do marco enerxético co fin de paliar a crise da industria electrointensiva galega:

a) aprobación inmediata do estatuto de electrointensivas tendo en conta as achegas do sector galego, coa inclusión dun paquete de medidas compensatorias polos atrasos antes do final de 2019.

b) planificación da substitución do sistema de poxa de interrumpibilidade por unha regulación estábel que permita prezos competitivos no sector con compromisos no mantemento do emprego.

c) consideración, no futuro sistema enerxético, do papel de produtor de Galiza, que deberá ser beneficiada no prezo a través dunha tarifa eléctrica galega que compense polos custes ambientais e sociais de soportar a xeración”.



Ante esta moción preséntase por parte do Grupo Provincial Socialista unha emenda de engádega, co seguinte texto:

“Engadir un punto de acordo:

3.- Impulsar a creación xunto con grupos políticos e axentes sociais e económicos dunha Mesa da Industria Galega que incorpore a expertos nacionais e autonómicos xunto aos referidos axentes impulsores, e que teña por obxecto conformar un pacto polo futuro da industria galega 2020-2024, que será suscrito por todos os seus membros e aprobado polo Parlamento de Galicia. A execución do pacto e das súas liñas requirirá do orzamento correspondente que porá a disposición a Xunta de Galicia detallado para cada exercicio”.

**MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR EN APOIO DA COMPETITIVIDADE E FUTURO DOS EMPREGADOS DAS FACTORÍAS QUE A MULTINACIONAL ALCOA TEN EN SAN CIBRAO.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular en apoio da competitividade e futuro dos empregados das factorías que a multinacional Alcoa ten en San Cibrao, do seguinte teor:

“M<sup>a</sup>. Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular en apoio da competitividade e futuro dos empregados das factorías que a multinacional Alcoa ten en San Cibrao, que se basea nesta

*Exposición de Motivos*

As factorías coas que a multinacional Alcoa conta la localidade cervense de San Cibrao (para a fabricación de alumina e aluminio) teñen un carácter estratéxico por canto constitúen o principal motor económico e laboral da Mariña lucense e un dos máis importantes da nosa provincia, onde incluso representa o 30% do seu Produto Interior Bruto (PIB).

Estamos a falar da principal fonte de emprego directo para máis de 1.100 familias de traballadores do complexo, aos que teríamos que engadir os empregos indirectos que xera Alcoa na costa lucense, tanto nas empresas auxiliares, como en sectores como o de servizos e hostalería (calcúlase un total no entorno a 5.000 postos de traballo).

Un dos principais factores que afectan á competitividade e futuro desta compañía ten que ver co custe da enerxía eléctrica, xa que logo para transformar a alumina en aluminio é preciso un proceso de electrólise que precisa de moita demanda enerxética. Só Alcoa San Cibrao ten un consumo equivalente a 30.000 fogares.

A factura eléctrica representa un dos gastos máis importantes da conta de explotación da factoría e os elevadísimos incrementos do prezo que están a ter lugar nos últimos meses poñen en risco a viabilidade e futuro deste complexo industrial, sen que o Goberno central adopte as medidas ás que se comprometeu, entre elas, a aprobación do Real Decreto que incorpora o Estatuto de Consumidores Electointensivos.

Esta ferramenta normativa debe establecer unha combinación de medidas, primas, subvencións e descontos, que protexan a competitividade das empresa altamente dependentes da enerxía abaratando o custo final do subministro, unha variable especialmente necesaria, para empresas que compiten nun mercado global. Neste momento o prezo da electricidade en España é moi caro, un 50 % máis que en Alemaña ou Francia.

Con todo, o borrador deste Real Decreto presentado o pasado mes de marzo polo Ministerio de Enerxía e Transición Ecolóxica non foi satisfactorio para ninguén, porque recortaba o sistema de apoio actual, e non incorporaba as demandas do sector. A Xunta de Galicia validou e presentou coas empresas electointensivas as alegacións para que o futuro estatuto incluía as propostas de Galicia sen que, ata o de agora, obter cumprida resposta.

Non é a primeira vez que na factoría lucense existen tensións como consecuencia do prezo da electricidade, pero nesta ocasión a situación é moito máis grave derivada da inactividade do Goberno central ou de decisións políticas como as que desde o Executivo estatal cuestionan o





futuro das empresas produtoras de enerxía (térmicas, de carbón, nucleares) sen alternativas viables a prezos competitivos.

A situación actual contrasta co acontecido durante os sucesivos Gobernos do Partido Popular, que sempre intentaron buscar a mellor solución posible en apoio da industria electrointensiva: con negociacións ao máis alto nivel entre o daquela presidente Rajoy e o presidente internacional de Alcoa, co establecementos de medidas de apoio como as poxas por interrumpibilidade ou a compensación por custes indirectos do CO<sub>2</sub>, ou a construción do gasoduto da Mariña que abarantou de xeito significativo o custe enerxético da factoría mariñá.

Ademais a día de hoxe, a situación vese agravada tendo en conta que a multinacional advirte que o mantemento dos prezos actuais non permiten a produción aluminio en condicións competitivas e que lle levou a adoptar decisión inauditas, como a venda das factorías emprazadas na Coruña e Avilés ou a decisión de recortar a produción e pechar a actividade de 32 cubas na factoría de San Cibrao.

Cómpre lembrar tamén que o Pleno da Deputación de Lugo, a proposta do P.P., xa aprobou con anterioridade varios acordos, con carácter de declaración institucional, aprobados por unanimidade con datas 31 de maio de 2016, 30 de outubro de 2018 e 26 de marzo de 2019.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción en apoio da competitividade e futuro dos empregados nas factorías que a multinacional Alcoa ten en San Cibrao (Cervo) e propónse a aprobación dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao Goberno central a realizar todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo das factorías de Alcoa en San Cibrao (Cervo).

2º.- Instar ao Goberno central a garantir un marco enerxético estable e competitivo e aprobar, de xeito inmediato, o estatuto de apoio ás empresas electrointensivas, no que se incorporen as alegacións presentadas en conxunto pola Xunta de Galicia e as compañías galegas.

3º.- Instar ao Goberno central a convocar a mesa de traballo sobre a industria electrointensiva e incorporar nela ao comité de empresa de Alcoa San Cibrao co obxectivo de traballar nunha solución ao prezo eléctrico que permita garantir o emprego e a actividade industrial.

4º.- Instar ao Goberno central a cumprir o compromiso de ampliar de 90 a 200M€ a compensación dos gastos indirectos de CO2 como medida de apoio ás empresas que teñen unha alta dependencia dos custes enerxéticos”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“Substituir os puntos de acordo, por:

1º.- Apoiar ao Goberno Central na realización de tódalas accións necesarias en curso encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo das factorías de Alcoa en San Cibrao (Cervo).

2º.- Apoiar ao Goberno Central para garantir un marco enerxético estable e competitivo e aprobar o estatuto de apoio ás empresas electro intensivas.

3º.- Impulsar a creación xunto con grupos políticos e axentes sociais e económicos dunha Mesa da Industria Galega que incorpore a expertos nacionais e autonómicos xunto aos referidos axentes impulsores, e que teña por obxecto conformar un pacto polo futuro da industria galega 2020-2024, que será subscrito por todos os seus membros e aprobado polo Parlamento de Galicia. A execución do pacto e das súas liñas requirirá do orzamento correspondente que porá a disposición a Xunta de Galicia detallado para cada exercicio”.

4º.- Instar ao Goberno Central a cumprir o compromiso de ampliar de 90 a 180M€ a compensación dos gastos indirectos de CO2 como medida de apoio ás empresas que teñen unha alta dependencia dos custes enerxéticos”.



Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Para comezar a miña intervención quero lanzar dende o noso Grupo o apoio e solidariedade ós traballadores e traballadoras de Alcoa e ó seu Comité de Empresa, xa que incluso esta mañá tivemos novas que afondan na preocupación do futuro desa central pois, como vostedes poden saber, no mes de agosto deixaron de producir 32 cubas que se prevía que iniciaran de novo a produción hoxe, iso non se vai producir, e parece que se van manter improductivas nun longo tempo, iso é o que nos transmite o Comité de Empresa; polo tanto non son boas novas e non fai máis que afondar na importancia de actuar para salvar os postos de traballo desta Central.

A importancia que ten Alcoa na Mariña e en Lugo supón o 33% do PIB da provincia, e iso debería facer que todos estiveramos moi preocupados; levan reducido xa un 11% da produción durante este ano, así nolo transmite o Comité de empresa co que estivemos reunidos, concretamente a nosa compañeira Mónica, o 28 de agosto; e esta moción non ven máis que a manifestar as preocupacións, as alternativas e as opcións que nesa reunión saíron e que veñen coincidindo co que leva defendendo o BNG durante moito tempo.

Destacaba o Comité de Empresa a incapacidade do Goberno do Estado en funcións para impulsar calquera mudanza no marco enerxético, industrial, e deben ser motivos para que a Xunta de Galicia abandone tamén a súa deixadez de funcións en canto ás súas responsabilidades coa industria galega, e actúe máis alá de declaracións electoralistas.

Con isto queremos dicir que todos nos temos que poñer neste barco; é un sector industrial clave para a provincia, a Xunta ponse de perfil, o Goberno do Estado agora está en funcións, pero é urxente que se tomen medidas.

Nós propoñemos instar á Xunta de Galicia a construír unha mesa de negociación con Alcoa e o Comité de Empresa de San Cibrao para demandar a activación das cubas en suspenso e velar polo mantemento do emprego e da actividade industrial en tanto se mantén a actual situación de declive industrial e inestabilidade nos prezos da enerxía.

Demandar ó Goberno do Estado medidas urxentes respecto do marco enerxético co fin de paliar a crise da industria electrointensiva galega: aprobación inmediata do estatuto de electrointensivas tendo en conta as achegas do sector galego, coa inclusión dun paquete de medidas compensatorias polos atrasos antes do final de 2019; planificación da substitución do sistema de poxa de interrumpibilidade por unha regulación estable que permita prezos competitivos no sector con compromisos no mantemento do emprego; e a consideración, no futuro sistema enerxético, do papel de produtor de Galiza, que deberá ser beneficiada no prezo a través dunha tarifa eléctrica galega que compense polos custes ambientais e sociais de soportar esa xeración.

Como ven, aquí apuntamos a tódalas Institucións, é un problema de todos, un problema galego grave, e un problema no que o Estado se ten que mollar, pero a Xunta tamén; e o BNG leva moitos anos defendendo medidas que potenciarían este tipo de empresas, e nunca se sumaron a eses acordos; chegando Galicia ó punto de que somos penalizados por ser produtores de enerxía, Galicia paga máis cara a enerxía eléctrica porque a produce, e creo que é o único país que lle sucede isto de ser penalizado por producir enerxía.

Polo tanto eu creo que debemos estar todos moi preocupados polo futuro de Alcoa, que debemos poñernos todos a traballar en solucións para que chegue a bo porto e salvar a Central de Alcoa da Mariña”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“O Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción en apoio á competitividade e ó futuro do emprego en Alcoa-San Cibrao, practicamente por dous motivos totalmente diferenciadores das mocións que presentou no ano 2016 e 2018. O primeiro motivo diferenciador é atendendo á voz de alarma dos dous Alcaldes da Mariña, o Alcalde de Cervo e o de Xove, que nos acompaña no día de hoxe. E o segundo motivo é a incompetencia do goberno socialista para dar solución ó problema enerxético que ten Alcoa.

Volvendo ó primeiro motivo, o sete de agosto os Alcaldes de Cervo e de Xove dan a voz de alarma e piden axuda e convocan a tódolos traballadores e veciños e tamén ás institucións, por



iso estamos hoxe aquí, a mobilizarse posto que se está a dar unha circunstancia histórica, que non se deu nunca na historia de Alcoa, que foi paralizar trinta e dúas cubas pola falta de competitividade que ten esta empresa, debido ós altos custes da enerxía eléctrica.

Non imos dicir aquí o que supón Alcoa para a provincia de Lugo, é o 30% do PIB, Alcoa é o motor da comarca da Mariña; Alcoa ten 1100 traballadores directos e arredor de cinco mil indirectos; Alcoa está pedindo axuda; Alcoa necesita prezos competitivos da enerxía eléctrica que a día de hoxe a única posibilidade que teñen é con ese estatuto de consumidor electrointensivo. Felicito a valentía dos dous Alcaldes de Cervo e de Xove, e felicitamos tamén dende o Grupo Popular a iniciativa dos traballadores que a partires do día 15 de setembro tódolos venres convocan esas mobilizacións, posto que debemos estar todos xuntos.

Vostede di que a Xunta de Galicia se pón de perfil, non é certo, o Presidente da Xunta reuniuse co Comité de Empresa por un lado, dende logo que apoia as súas peticións, pero por outro lado instou tamén ó Goberno da nación a que se convoque esa mesa e se conte cos sindicatos; e por outro lado fixo as alegacións, xunto coas compañías afectadas, a ese estatuto do consumidor.

Dicimos que o Goberno se pon de perfil porque lle viña moi ben, as únicas desculpas que tiña o Goberno do Estado é que estaba en funcións, pero está en funcións para o que lle apetece, unhas veces pode aprobar por Decreto unha serie de circunstancias e noutro momento di que non o pode facer. Isto usouno claramente para coaccionar ó resto de Grupos a que apoiasen que houbera un goberno e lóxicamente os demais non accedimos, e agora está aí co estatuto do consumidor electrointensivo parado. Ese estatuto anunciouno en decembro de 2018, presentouno en marzo de 2019, antes das eleccións, porque está parado?, pois está parado precisamente porque se usou dese xeito negligente este estatuto para tratar de presionar ó resto de Grupos.

Polo tanto vémonos na facultade de traer novamente esta moción con esas dúas características que a diferencian das anteriores. Esa chamada de alerta dos Alcaldes e dos traballadores, e por outro lado a pasividade absoluta do Goberno Central.

Polo tanto pedimos instar ó Goberno central a realizar todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo das factorías de Alcoa en San

Cibrao (Cervo). En segundo lugar instar ao Goberno central a garantir un marco enerxético estable e competitivo e aprobar, de xeito inmediato, o estatuto de apoio ás empresas electrointensivas, no que se incorporen as alegacións presentadas en conxunto pola Xunta de Galicia e as compañías galegas.

En terceiro lugar instar ao Goberno central a convocar a mesa de traballo sobre a industria electrointensiva e incorporar nela ao comité de empresa de Alcoa San Cibrao co obxectivo de traballar nunha solución ao prezo eléctrico que permita garantir o emprego e a actividade industrial. E instar ao Goberno central a cumprir o compromiso de ampliar de 90 a 200M€ a compensación dos gastos indirectos de CO2 como medida de apoio ás empresas que teñen unha alta dependencia dos custes enerxéticos”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Creo que a ninguén se lle escapa a implicación da Deputación de Lugo e tamén do Goberno socialista coa defensa dos postos de traballo vinculados á central de Alcoa en San Cibrao, e o interese por manter esta factoría na comarca da Mariña; dende logo é para nós algo absolutamente incuestionable.

Dende o ano 2012, vostede ó mellor non se acorda aínda que fixo referencia a un par de mocións, o tema de Alcoa foi un asunto tratado en moitas ocasións nesta Institución e sempre foi punto de acordo de tódalas forzas políticas. Polo tanto o uso partidista nesta ocasión nós non o compartimos con vostede, a implicación desta Institución foi plena dende o minuto cero. Dende logo non podemos dicir o mesmo por parte da Xunta de Galicia porque ó Sr. Feijóo recordámolo nesta provincia para facer fotografías e pouco máis, habitualmente é o que ven facer, porque compromisos enriba da mesa poucos; eu non sei onde está o Sr. Feijóo cando falamos de Alcoa nesta provincia, non sei onde están as competencias en materia de industria da Xunta de Galicia, o que si sei é onde estivo esta Institución e onde está o Goberno Central que leva un ano en Madrid, parte do tempo en funcións por suposto; pero tampouco sei onde estaban vostedes os señores do Partido Popular, cando gobernaban en Madrid e Alcoa xa tiña serias dificultades, dígnanos



claramente que é o que fixeron tanto dende Madrid como dende a Xunta de Galicia para defender o que agora defenden con tanta forza.

Neste debate destas mocións que se presentan por parte das dúas forzas políticas, tanto do Bloque Nacionalista Galego coma do Grupo Popular, en parte podíamos asumilas como propias salvando algúns matices, de aí que presentáramos emendas a ámbalas dúas mocións.

No caso da moción do Bloque Nacionalista Galego, relata os feitos e titulares sobre Alcoa na parte expositiva, e nos acordos recolle en parte aqueles cos que xa estamos de acordo, e xa como formacións políticas se debateu recentemente este mesmo asunto no Parlamento; de aí que lles achegamos as emendas que traemos e que me gustaría explicar a continuación.

No tocante á moción do Bloque Nacionalista Galego no seu punto segundo apenas facemos modificacións, agás algunha pequena puntualización, pero si que engadimos un punto de acordo que nos parece importante que é o impulso e a creación, xunto con grupos políticos e axentes sociais e económicos, dunha Mesa da Industria Galega que incorpore a expertos nacionais e autonómicos xunto aos referidos axentes impulsores, e que teña por obxecto conformar un pacto polo futuro da industria galega de aquí ó 2024, que será suscrito por todos os seus membros e aprobado polo Parlamento de Galicia. A execución dese pacto evidentemente vai necesitar dun orzamento, e propoñemos que a parte correspondente se porá a disposición pola Xunta de Galicia de xeito detallado en cada exercicio.

En relación á emenda que facemos á moción do Grupo Popular, algunha puntuación temos que facer porque é obrigatoria, vostedes, entre outras cousas, están pedindo que se inste ó Goberno Central a garantir un marco enerxético estable e competitivo e aprobar de xeito inmediato o estatuto de apoio ás empresas electrointensivas; aquí non se xoga co estatuto nin coa súa aprobación, é que non se pode aprobar estando en funcións, nin o aprobamos nós nin vostedes, eu teño aquí o informe que se emitiu, e vostedes saben perfectamente que isto non se pode facer por un goberno en funcións; logo lereille as conclusións dese informe; nin o fai o goberno socialista nin o farían vostedes, simplemente porque non se pode. Por iso nese punto a modificación que facemos é que retiren única e exclusivamente “de xeito inmediato”, porque non se pode.

Tamén lles dicimos que “se impulse a creación, xunto con grupos políticos...”, exactamente a mesma emenda que lle faciamos ó Bloque Nacionalista Galego, incrementando ese punto para a creación dunha mesa da Industria Galega.

E logo facémoslle tamén unha puntualización, porque nós recolleamos os compromisos reais, os que se poden levar á xente, e pedímoslles que no seu último punto modifiquen “instar ó Goberno Central a cumprir o compromiso de ampliar de 90 a 200M€ a compensación dos gastos indirectos de emisión de CO2”, porque o compromiso xa está enriba da mesa e non son 200 senón que son 180; modifiquen esa cifra e con iso teríamos solucionado ese punto de acordo. O compromiso está enriba da mesa e o Comité de Empresa de Alcoa sábeo, igual có resto de compromisos, e vostedes tamén saben que a reunión que se mantivo recentemente coa Ministra tivo boa acollida, e os acordos están enriba da mesa e vanse materializar cando se poda facer, en funcións ese estatuto non se pode tramitar; polo tanto iso tería que quedar á marxe desvinculando do seu acordo se retiran esa parte que di “de xeito inmediato”.

Creo que polo demais as puntualizacións son mínimas, e este debería ser un motivo para que chegamos a acordo nesta moción en relación a Alcoa e ó seu mantemento na Mariña como se chegou e foi sempre punto de acordo nesta Institución”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Dicía o voceiro do Grupo Popular que a Xunta non se poñía de perfil, nós cremos que si, que máis alá de fotos propagandísticas, incluso visitaron Alcoa para facer unha foto diante das portas da empresa e nin sequera tiveron non sei se a decencia de reunirse cos traballadores que estaban alí ou co Comité de Empresa; nós fixémolo, fomos alí e reunímonos con eles, e vostedes foron facer unha foto diante da porta da empresa e nin sequera se reuniron cos traballadores. Nós estivemos reunidos varias horas, e iso é o que debería facer calquera Grupo Político máis alá da mera propaganda.

Dicía vostede que os Alcaldes foron os que puxeron o punto de chamada, pero é que o BNG leva moito tempo traballando en medidas que fixeran que non estiveramos neste punto. O





BNG leva moito tempo proponendo unha tarifa eléctrica galega, e teño aquí noticias de prensa que din: “Feijóo vuelve a rechazar una tarifa eléctrica gallega”; porque vostedes cualificaron a proposta do BNG coma unha ocorrencia, pero é curioso que despois se publica que “a nova tarifa vasca aforrará as empresas cincuenta millóns ó ano”; iso é a diferenza de ter un goberno que se preocupe pola industria que tristemente teñen no País Vasco e aquí non o temos.

Por tanto a iso é ó que nos referimos cando dicimos que se poñen de perfil, cando vemos que outras autonomías defenden a súa industria, e en cambio a Xunta púxose de perfil e estivo sempre en contra diso. O BNG fixo estas propostas moito antes da pantasma do peche de Alcoa, porque cremos que é xusto que a Comunidade teña compensación por producir, e o que temos é o contrario; se se deran esas medidas, que nin sequera as inventamos nós porque incluso no Estado español hai outras Comunidades ás que se lle permite, a Unión Europea deulle o parabén á tarifa eléctrica vasca, pero parece que os galegos temos que ser sempre menos.

A iso é ó que me refiro cando digo que o Partido Popular se puxo de perfil, non defenden a industria como fan noutros territorios, acabámolo de ver en dúas noticias; e foi moito antes como lles digo da pantasma do peche porque defendemos unha política de país e defendemos a industria, e hai outros gobernos que o fan e o goberno da Xunta non o está a facer, e de aí que digamos que se está a por de perfil”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Sr. Castro, vaia vostede coa tarifa eléctrica galega á Alcoa e a ver que lle din na multinacional, e tamén en tódalas multinacionais que actúan no noso país a ver que lles parece esa tarifa eléctrica galega.

Á señora García direille que non sei onde estaba vostede no ano 2012, pero aquí estaba o Sr. Veiga e estaba comigo nesa concentración no ano 2012 que estabamos precisamente apoiando esa manifestación, e non me pode vir agora vostede a dar lección nese sentido, eu estaba como Alcalde de Foz defendendo os intereses de tódolos traballadores do meu pobo e de tódolos traballadores da Mariña.

E non o digo eu, senón que o di Pachi Vázquez, non sei se vostede o coñece pero supoño que si porque foi o seu secretario xeral, tamén supoño que o Presidente o coñece, “Pachi Vázquez lamenta de Caballero que sexa un grumete de Sánchez en Galicia”, agora hai que ampliar un pouco isto, Pachi Vázquez e o Partido Socialista na Deputación de Lugo que volve outra vez a primar os intereses do Partido Socialista en vez de primar os intereses de tódolos mariñáns e de tódolos lucenses.

Mentres o Sr. Sánchez estaba de vacacións cando xurdiu o problema o Sr. Rajoy no seu momento se desprazou ós Estados Unidos a negociar directamente esas circunstancias co presidente da compañía, pode vostede rir pero non nos fai graza a ninguén; cando houbo problemas a Xunta de Galicia mostrou todo o seu apoio a que se construíse un gaseoducto que minimizara o problema enerxético tamén de Alcoa, ese estatuto que vostedes presentaron en marzo antes das eleccións, a base dese estatuto é precisamente a base que nós presentamos aquí que é precisamente as compensacións por CO2 e a poxa, a partires de aí se aumentan as axudas.

O que fixo a Ministra foi liar, o único que dixo é que ía a aceptar a participación do Comité nesa mesa, algo que lle pediu o Presidente Feijóo, pero deixou en entredito que se apoiase o estatuto do consumidor que é algo fundamental; vostedes usaron este asunto precisamente para tratar de coaccionar ó resto dos Partidos, ninguén caeu nesa tentación, e o poden aprobar simplemente como aprobaron outras circunstancias; e voulle poñer un exemplo que está moi fresquiño, hai dous días non se podían pagar as débedas ás Comunidades Autónomas nin ós Concellos, había un informe que vostedes puxeron aí dos avogados do estado, o Presidente Feijóo puxo un informe completamente diferente, agora anuncian antes das eleccións que se pode facer e que van facer o pagamento; vostedes son así, van ó vento que máis lles interesa, pero dende logo que a mín me preocuparía un pouco este titular do seu ex secretario, Pachi Vázquez, que lamenta que o Partido Socialista, ou Caballero neste caso, sexa o grumete de Sánchez en Galicia”

A continuación intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:



“Dende logo o noso terreo de xogo non é o mesmo Sr. Castiñeira, láméntoo profundamente.

O informe é claro, e voulle ler as conclusións que din o seguinte: “como conclusión la aprobación del estatuto, tanto por su naturaleza y contenido de carácter estratégico y político como por sus relevantes impactos económicos, no procede en período de gobierno en funciones”, despois doulle unha copia se a quere.

A min o que me gustaría saber, e a vostede lle preocupa moito o que fan os integrantes do Partido Socialista, que é o que fai o Presidente da Xunta de Galicia?, e para isto voulle poñer varios exemplos no que se refire a materia de industria; onde está o Sr. Feijóo en casos coma o de PEMEs, como naval, como con Alcoa?, onde están?, porque hai indicativos claros de que está absolutamente ausente na política que se fai referente á industria en Galicia.

Voulle dar dous datos que evidencian a situación de Galicia con respecto ó resto de España. Os últimos datos do índice de produción industrial, do IPI, indican un retroceso importante na produción industrial en Galicia en xuño, son datos de hai un par de meses, un -6,3% anual fronte a unha taxa do -1,8 para o total nacional, esa é a diferenza nese índice; e o IPI en Galicia rexistra unha evolución claramente negativa porque fronte a un comportamento estable no índice nacional na que se acada unha taxa nula do 0,0%, en Galicia caeu un 7% anual.

Estes non son datos que saque o Partido Socialista para disparar contra o Partido Popular senón que esa é a evidencia da nula política que fai o Goberno galego en materia de industria neste país; e iso pásalle ó Sr. Feijóo porque non ten unha política para este país, non ten deseñado un modelo de país, e o único que fai neste momento é intentar utilizar a algúns membros do seu Partido, como son vostedes, que se brindan con moita responsabilidade no caso dalgún Alcalde mirando polos intereses dos seus veciños para sacar adiante proxectos coma o de Alcoa, pero vostedes saben perfectamente que sen a complicidade e o compromiso neste caso do Goberno socialista do Estado sería completamente imposible; e sabe tan ben coma min cales son os compromisos que deixou a Ministra enriba da mesa e que van ser cumpridos, e tamén sabe tan ben coma min o que opinan e pensan os membros do Comité de Empresa de Alcoa”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“O Sr. Castiñeira dicíame que lle fora ós de Alcoa co da tarifa eléctrica galega, e o tema é que xa lles fomos porque, como lle dicía antes, nós fomos reunirmos co Comité de Empresa e non a fecernos unha foto, e pódolle dicir que apoian completamente o da tarifa eléctrica galega. E non sei que di que lle pasaría ás multinacionais porque no País Vasco conseguiron a tarifa eléctrica vasca e non se foi ningunha, creo que incluso podemos mirar con envexa o sector produtivo industrial vasco comparado co galego, e podemos mirar con envexa o que fai o goberno do País Vasco comparado co que fai Feijóo que non é nada.

Entonces, repítolle que claro que imos co da tarifa eléctrica a calquera, e tamén con calquera outra cousa que sexa defender os sectores produtivos deste país, é máis, xa fomos, e propuxémosllo ós traballadores que están completamente de acordo”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial Popular, quen manifesta o seguinte:

“Simplemente unha pequena reflexión do que é a política enerxética do Partido Socialista, que ten moito que ver co que estamos a debater hoxe; cando viña agora mesmo para este Pleno pasei por Vilalba coller ó compañeiro Agustín, e á esquerda na praza do concello vin un camiión parado que tiña unha pancarta que poñía “por unha transición xusta, queremos traballar”, pregúntelle vostede o que opinan da política enerxética á Alcaldesa do Partido Socialista de Vilalba ou ó Alcalde de As Pontes, que seguro que están moi de acordo con esas ideas que teñen vostedes de transición enerxética.

Simplemente me da moita mágoa que vostedes primen, e teñan hoxe unha oportunidade importante, e traian aquí simplemente emendas para tratar un pouco de ocultarse nesas emendas. O Partido Popular ten moi claro o que quere para Alcoa”.

A continuación o Sr. Presidente pregúntalle ós Grupos Provinciais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego se aceptan as emendas presentadas ás súas mocións. Os Grupos



Provinciais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego manifestan que non aceptan as emendas presentadas polo Grupo Provincial Socialista. Indicando o Presidente que se vai proceder á votación das moción tal e como foron presentadas.

Efectuada a votación da **moción que figura no número dez da Orde do Día**, presentada polo Grupo Provincial do BNG, e verificada a mesma, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada polo Grupo Provincial do BNG para salvagardar os postos de traballo e a actividade industrial en Alcoa-San Cibrao.

A continuación procédese á votación da **moción que figura no número once da Orde do Día**, presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos; 25; votos a favor, 15 (emitidos polos señoreñs Deputados do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG; votos en contra, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada polo Grupo Provincial Popular en apoio da competitividade e futuro dos empregos das factorías que a multinacional Alcoa ten en San Cibrao.

#### **11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR EN APOIO DA COMPETITIVIDADE E FUTURO DOS EMPREGOS DAS FACTORÍAS QUE A MULTINACIONAL ALCOA TEN EN SAN CRIBRAO.**

A presente moción foi debatida conxuntamente co punto número dez anterior, sendo aprobada por maioría.

#### **12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR RELATIVA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA O CONTROL DA POBOACIÓN DE XABARIL.**

A presente moción foi debatida conxuntamente co punto número nove do presente Pleno, sendo rexeitada por maioría.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Antes de pasar á parte de control, dicirlle a D. Agustín Baamonde que lle agradezo a intervención, hoxe tocoulle a vostede acordarse de mí, o outro día foi o Sr. Castiñeira, agradézollo sobre todo pola relación que nos une. E se me permite unha primeira pequena reflexión en ton de humor aínda que logo o resto é máis serio, digo en ton de humor porque como o Sr. Baamonde non conduce o xabaril non lle afecta, aféctalle ó Sr. Castiñeira, pero a Galicia aféctalle moito, e non vale espallar, e non vale dicir que como temos un problema e non sabemos que facer con el metémolo para España e que se entendan alí, iso non é así; para iso están as competencias Sr. Baamonde, e vostede que é un bo orador gústalle espallar esas responsabilidades que por moito que as espalle están publicadas no Boletín Oficial do Estado e no DOGA, e son competencia da Xunta de Galicia.

Dicía vostede que eu quero facer unha Deputación grande, pois que non lle caiba ningunha dúbida Sr. Baamonde, esta Institución terá a consideración e o respecto que merece e que merecen tódolos lucenses, incluídos nós, porque senón fariamos unha moi mala función nesta Casa. Por tanto temos esa obriga entre todos, e eu dende logo traballarei por elo.

Pero logo falaba vostede de que se o Presidente non defende a Alcoa ou Ás Pontes, e deixando a un lado ás Pontes que é outra provincia e estano defendendo moi ben o seu Alcalde e o Presidente da Deputación da Coruña, aínda que nós nos adherimos perfectamente ao que eles están reclamando porque están defendendo moi ben o que consideran útil para As Pontes e para a provincia da Coruña e para Galicia.

Pero mire Sr. Baamonde, cando un non ten argumentos o típico de sempre é atacar ós demais para ver se así despistan e coa, pero a aqueles que xa temos algunha primavera iso xa non nos coa; vostede pode dicir o que queira, eu recordo un Deputado no Parlamento de Galicia que dicía “vostede foi dar unha volta pola agricultura”, pois vostede tamén foi dar unha volta polo campo e aterrizou tratando de implicarme a mín como responsable do que pasa en Alcoa.

Eu preguntolle a vostede, xa sei que é unha pregunta retórica porque non me vai poder contestar, pero, aparte das fotos, que fixo o Partido Popular do Sr. Feijóo?, que por certo cos traballadores vostedes nin se reuniron, iso si o Comité de Empresa foron a Santiago pero cos traballadores non se reuniron; que fixeron vostedes?. Porque cando aquí se fala de facer cousas hai



que falar de cousas reais, porque de filosofía falamos todos pero cousas reais e concretas que fixeron vostedes?. Ó mellor outros facemos un traballo máis discreto, que adoita ser bastante máis efectivo ca ir facer fotos diante da fábrica; e francamente Sr. Baamonde, con ese acto que resolveron vostedes?, en que mellorou a cousa despois dese acto do seu Partido?. A Deputación de Lugo, e o seu Presidente e o seu goberno, e espero que toda a Corporación, están con Alcoa e cos traballadores, que non lle caiba ningunha dúbida.

E con relación ó que dicía o Sr. Castiñeira con respecto á tarifa eléctrica galega, evidentemente isto non é obxecto de debate, pero polo feito de que o seu argumento sexa o que di Alcoa non me serve, porque ás empresas preocúpanlles moi pouco os traballadores o que lles preocupa é a conta de resultados; pero a min interésame máis a parte social, as persoas que teñen que levar o soldo á casa para manter as súas familias.

E como xa todos somos maiorciños, cando había a problemática de que se podía cerrar na Coruña e Gijón, cando se chegou a un acordo eu vin a algúns membros do seu Partido precisamente non moi contentos, porque se lle acababa o choio da crítica ó Goberno, a crítica era que o Goberno non facía nada para que iso se vendera a alguén, e como se vendía o problema desaparecía e polo tanto había pouca alegría con ese acordo de compra das centrais da Coruña e de Asturias. E eu incluso diría máis, porque esas cousas circulan, dende que se tiña chegado a un acordo houbo algunhas esixencias dos americanos á empresa compradora que precisamente non parecen moi inocentes.

O Goberno da Deputación e o Goberno de España asegúrolle que traballamos e imos seguir traballando na defensa de Alcoa, dos traballadores e do tecido produtivo galego e da provincia de Lugo; ou, como ben dicía a compañeira Pilar, mentres uns traballamos para arranxar os problemas o Sr. Feijóo agocha que a produción industrial en Galicia baixa máis dun 6%, e iso é froito das súas políticas que, polo que se ve, non son moi boas.

E para rematar, falaba vostede da transición, eu escoitei ó goberno de Alemania da señora Merkel a transición que vai poñer alí estes días, creo que o seu goberno e a súa política non é precisamente socialista, pregúntelle vostede que transición está prevendo ela para Alemania, e logo mire se iso é transportable aquí ou non.

Por tanto creo que en todos estes temas hai que ser serios, porque detrás disto están os postos de traballo, están soldos, están familias, e estan nenos; polo tanto sexamos serios”.

### **PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION**

**13.- CONTA DOS INFORMES DO 1º E 2º TRIMESTRE DE 2019, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010, DA DEPUTACIÓN DE LUGO, DA SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, SA, E DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE LUGO E INFORMES DOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO, MARZO ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2019 DO RD 635/2014.**

O Pleno da Corporación queda enterado dos informes do 1º e 2º trimestre de 2019, relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010, da Deputación de Lugo, da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, SA, e do Consorcio Provincial para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento de Lugo, e informes dos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño de 2019 do RD 635/2014.

**14.- CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 31 DE MARZO DE 2019.**

Dada conta da información económica da Deputación de Lugo a 31 de marzo de 2019, o Pleno da Corporación queda enterado.

**15.- CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 30 DE XUÑO DE 2019.**

O Pleno da Corporación queda enterado da información económica da Deputación de Lugo a 30 de xuño de 2019.





**16.- CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DE GASTO E DÉBEDA PÚBLICA CON MOTIVO DAS LIQUIDACIÓNS E CONTAS ANUAIS A 31 DE DECEMBRO DE 2018 E PARA ACOMPAÑAMENTO Á CONTA XERAL DE 2018.**

Dada conta do informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e débeda pública con motivo das liquidacións e contas anuais a 31 de decembro de 2018 e para acompañamento á Conta Xeral de 2018, o Pleno da Corporación queda enterado.

**17.- CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 31 DE MARZO DE 2019 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2019.**

O Pleno da Corporación queda enterado do informe de avaliación do cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 31 de marzo de 2019 e previsións a 31 de decembro de 2019.

**18.- CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE XUÑO DE 2019 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2019.**

Dada conta do informe de avaliación do cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de xuño de 2019 e previsións a 31 de decembro de 2019, o Pleno da Corporación queda enterado.

**19.- CONTA DE RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA DE 9 DE XULLO DE 2019, POLA QUE SE ADXUDICA O POSTO DE SECRETARIA XERAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO, A FAVOR DE MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ.**

Dáse conta da Resolución da Dirección Xeral da Función Pública, do Ministerio de Política Territorial y Función Pública, pola que se publica a adxudicación do posto de traballo reservado a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional por libre designación do posto de Secretaría Xeral, clase primeira, da Deputación Provincial de Lugo, a dona María Esther Álvarez Martínez.

O Pleno da Corporación queda enterado.

## **20.- CONTA DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE APROBA A COMPOSICIÓN DAS COMISIÓN INFORMATIVAS.**

Dáse conta da Resolución da Presidencia de data sete de agosto de dous mil dezanove, que textualmente di o seguinte:

“De conformidade co disposto no artigo 62 do Regulamento Orgánico da Corporación Provincial; e tendo en conta as propostas formuladas polos distintos Grupos Políticos da Corporación, RESOLVO:

Adscribir ós Sres. Deputados e ás Sras. Deputadas que a continuación se relacionan, ás Comisións Informativas creadas en virtude de acordo do Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día trinta de xullo de dous mil dezanove, e que a continuación se indican:

### **COMISION DE ASUNTOS DO PLENO**

D<sup>a</sup>. María del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Ana González Abelleira

D. Efrén Castro Caloto

D. Francisco Javier Balado Teijeiro

D. José Pardo Lombao



D. José Angel Santos Sánchez

COMISION DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

D<sup>a</sup>. María del Pilar García Porto

D. Roberto Fernández Rico

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Efrén Castro Caloto

D<sup>a</sup>. Dolores Castro Ochoa

D. José Jesús Novo Martínez

D. Pablo José Taboada Camoira

Do presente Decreto darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre”.

O Pleno da Corporación queda enterado.

**21.- CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DESTA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.**

Dáse conta da Resolución da Presidencia de data sete de agosto de dous mil dezanove, que textualmente di o seguinte:

“Visto o acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial en sesión extraordinaria celebrada o día trinta de xullo de dous mil dezanove, relativo ó nomeamento de representantes en órganos colexiados nos cales ten representación esta Entidade, que serían propostos polos Grupos Políticos de conformidad co acordo citado.

Vistas así mesmo as proposta presentadas polos Grupos Provinciais do Partido Popular, Grupo Provincial Socialista e Grupo Provincial do BNG, en relación co nomeamento dos citados representantes.

Por todo iso esta Presidencia, tendo en conta as propostas presentadas polos Grupos Provinciais, **RESOLVE:**

Nomear aos seguintes Deputados e Deputadas Provinciais, como representantes desta Institución nos órganos colexiados que se relacionan a continuación:

- **COMISIÓN TERRITORIAL DE PATRIMONIO HISTÓRICO DOCUMENTAL ARTÍSTICO**  
D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- **COMISIÓN PROVINCIAL MEDIO AMBIENTE:**  
D. José Luis Raposo Magdalena
- **COMITÉ PROVINCIAL CRUZ ROJA LUGO:**  
D. Pablo Rivera Capón  
D. Efrén Castro Caloto
- **COMISIÓN GALEGA PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A DROGODEPENDENCIA:**  
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
- **CONSELLO TERRITORIAL PROPIEDAD INMOBILIARIA:**  
D. Pablo Taboada Camoira
- **MESA TÉCNICA PLAN INTEGRAL DE MELLORA XENÉTICA:**  
D. Roberto Fernández Rico
- **PADROADO DE SARGADELOS:**  
D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño
- **XUNTA CONSULTIVA RESERVA CAZA ANCARES:**



D. Jesús Manuel Núñez Díaz

- **CONSELLO INTERINSTITUCIONAL DO MENOR:**

D<sup>a</sup>. Dolores Castro Ochoa

- **FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS:**

D. Pablo Rivera Capón

D. Efrén Castro Caloto

- **PADROADO FUNDACIÓN ROF CODINA:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Efrén Castro Caloto

- **COMISIÓN GALEGA DE PROTECCIÓN CIVIL:**

D. Roberto García Pernas

- **DESENVOLVEMENTO RURAL DO RIO LOR:**

D. José Luis Raposo Magdalena

D. Efrén Castro Caloto

- **CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENCIOS:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Efrén Castro Caloto

- **CONSELLO XERAL DO CONSORCIO “OS PEARES”.**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

- **COMISION GALEGA DE DELIMITACION TERRITORIAL:**

D. José Pardo Lombao

- **CONSELLO DE EMPADROAMENTO:**

D. Roberto García Pernas

- **CONSELLO ASESOR TELECOMUNICACIÓNS E AUDIOVISUAL DE GALICIA:**

D. Pablo Rivera Capón

- **CONSELLO GALEGO DE SERVICIOS SOCIALES E DOS CONSELLOS PROVINCIAIS DE SERVICIOS SOCIAIS:**

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

- **PADROADO DA FUNDACIÓN “UNIVERSIDADE VIRTUAL DE GALICIA”.**

D<sup>a</sup>. Ana González Abelleira

- **CONSELLO DE DIRECCIÓN DO CONSORCIO DO AUDIOVISUAL DE GALICIA**

D. Pablo Rivera Capón

- **COMITÉ ASESOR DO PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DE LUGO**

D. Pablo Rivera Capón

- **PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

- **CONSELLO GALEGO DE SAÚDE**

D. Xosé María Arias Fernández

- **CONSELLO DE ADMINISTRACION DO ENTE PUBLICO PORTOS DE GALICIA**

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño



- **ASOCIACION RUTA DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA**  
D. Efrén Castro Caloto
  
- **ASOCIACION ESPAÑOLA DE CIUDADES DEL VINO**  
D. José Tomé Roca
  
- **FUNDACION DOS FERROCARRILES DE GALICIA**  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto
  
- **CONSELLO DE ADMINISTRACION DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.**  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto
  
- **ASEMBLEA XERAL DO FORO 21 DE MEDIO AMBIENTE E SOSTENIBILIDADE**  
D. José Luis Raposo Magdalena
  
- **CONSELLO DE GOBERNO IBADER**  
D<sup>a</sup>. Ana González Abelleira  
D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño
  
- **COMISION REITORA DO CAMPUS TERRA**  
D<sup>a</sup>. Ana González Abelleira
  
- **ASOCIACIÓN TERRAS DE MIRANDA**  
D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez
  
- **FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**  
D<sup>a</sup>. María Loureiro García
  
- **CONSELLO MUNICIPAL DE TURISMO**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

**- CONSORCIO UNIVERSITARIO UNED LUGO**

D<sup>a</sup>. Ana González Abelleira

Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre”.

O Pleno da Corporación queda enterado.

**22.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE OS MESES DE MAIO, XUÑO, XULLO E AGOSTO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

Dáse conta das Resolucions da Presidencia ditadas dende o día dous de maio ao trinta de agosto de dous mil dezanove, e que figuran inscritas no Libro de Resolucions numeradas dende o 1401 ao 2860. O Pleno da Corporación queda enterado.

**23.- COMUNICACIONS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**24.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

O Sr. Presidente manifesta que hai un Rogo e unha Pregunta presentados polo Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación.

**R O G O S**

Rogo presentado polo Grupo Provincial Popular, que textualmente di o seguinte:





“M<sup>a</sup>. Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o próximo pleno da Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

A sinalización do Concello de Burela e do Hospital da Mariña, situado nese termo municipal, é mellorable e precisa adecuación tanto na A-8 coma na N-642.

No que se refire ao Concello de Burela, a distancia desde o nó da Espiñeira a Burela permite, segundo a normativa, incluír a súa sinalización. O mesmo pasa co centro hospitalario, xa que a mesma queda reducida á situación que hai xusto cando se deixa a A-8.

Na N-642, si hai sinalización para Burela e para o Hospital, pero consideramos que debería homoxeneizarse e mellorarse.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Burela xa presentara en novembro de 2018 unha moción para o mesmo fin que se persegue con esta iniciativa. Daquela o PSOE local votou en contra. Agardamos, agora, que o goberno provincial pola contra tome en conta a nosa petición e resposta ó sentir xeralizado dos veciños da mariña.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular rógalle:

Instar ao Ministerio de Fomento a incluír a sinalización de Burela na A-8 e á mellora e adecuación desta e a do Hospital da Mariña na N-642”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Trasladamos á Deputación Provincial que inste ó Goberno do Estado a sinalización dun dos concellos, e facémoslo eco dunha petición da nosa agrupación, en concreto da Agrupación do Partido Popular de Burela, toda vez que é unha poboación importante e que entendemos que a sinalización é insuficiente”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Trasladaremos este Rogo ó Ministerio, e é unha mágoa que isto non se fixera antes”.

## **P R E G U N T A S**

O Sr. Presidente dálle a palabra á voceira do Grupo Provincial Popular para dar lectura e intervir sobre a pregunta formulada por escrito.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Pódese interpretar que estas son tres preguntas, pero en todo caso como temos o límite de dúas será suficiente que se nos conteste ás dúas primeiras.

O Pleno da Corporación Provincial, na sesión do 26 de xullo de 2017 acordou, por unanimidade, a elaboración dun Plan plurianual de estradas provinciais que alcanzase os exercicios 2017, 2018 e 2019; naquel momento levaba unha petición dunha cantidade económica de 45 millóns de euros, logo chegouse a un consenso e reduciuse a 15. Foi o Grupo que represento quen rexistrou esa iniciativa.

Posteriormente, o 31 de outubro de 2017 aprobouse o “Plan extraordinario de rehabilitación de firme de vías provinciais 2017-2019”, no que se especificaba a asignación por concellos e polo que se aprobaba, entre outros extremos, que as baixas que se producirán na licitación foran reinvestidas na rehabilitación de firmes da rede viaria provincial.

Sendo coñecedores de que falta un importante volumen de execución, gustaríanos qu ese nos facilitase nesta sesión plenaria, coa maior exactitude posible, toda vez que isto se rexistrou o 18 de setembro, cal é o nivel de execución do “Plan extraordinario de rehabilitación de firmes de vías provinciais 2017-2019”; que se nos informe de cales son as baixas producidas nas diferentes licitacións e como foron, no seu caso, reinvestidas as mesmas, sinalando se é posible as cantidades desagregadas por concellos”.



A continuación intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Non hai inconveniente en contestarlle a tódalas cuestións que formula aquí, aínda que como sabe son dúas cuestións.

En primeiro lugar, en relación co nivel de execución, dicirlle que con respecto ó Plan extraordinario de rehabilitación de firmes de vías provinciais a execución neste momento é do 92,60%.

En relación coas baixas producidas nas diferentes licitacións, o importe das mesmas ascende a 4,6 millóns de baixas sumando tódolos concellos.

En canto a como foron reinvestidas as baixas, dicirlle que foron dezanove concellos nos que se reinvestiron 3,3 millóns de euros. Por exemplo en Trabada 128.547; en Fonsagrada-Baleira, porque comparten unha estrada, 269.347; Riotorto, 108.268,97; Baleira, 111.380,50; Antas de Ulla, 185.986,69; Friol, 148.473; Guitiriz, 178.354; Sarria, 200.000; O Saviñao, 388.852,73; Cervantes, 151.401,25; Vilalba, 227.050,45; Lugo, 417.334; Monterroso, 83.375,05; Chantada, 316.544,47; O Saviñao, noutras estradas, 119.000; O Vicedo, 163.350; e Rábade, 149.379,19.

Creo que con isto queda contestada toda a súa pregunta”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Entendo que queda sen executar 1,3 millóns de euros das baixas”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Exactamente agora mesmo non sei canto quedaría sen executar, porque pense vostede que, se non estou equivocado, parte aprobámolo hoxe nunha modificación do Orzamento para poder

pagar o Plan Único de 2017; polo tanto agora hai que ver canto queda, sinceramente o dato exacto non o coñezo neste momento”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e oito minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.